DEPUTACIÓN DE LUGO

# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª. del Pilar García
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
Dª. Iria Castro Fernández

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta minutos do día **vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputados don Miguel Fernández Méndez.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 1/201 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de decembro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS, LOTES 2, 6 E 22. ANUALIDADE 2025.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de servizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais, Lotes 2, 6 e 22, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7V4KJL3ENKZZGC4F5D4YKHE4.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7V4CSYBQMKXHFL43W54BA6BY.
3. Prego de prescricións técnicas.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7V5XB7KEVM3RE36MW4E4JHJY.
5. Informe de persoal con dereito a subrogación emitido polo Xefe de Coordinación e Xestión Territorial,con CSV: IV7V4IKCJJH2QWB25T6UOMZVOQ.
6. Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral con CSV: IV7V5XBTPD7CLXRK7VVX4FPRKE.
7. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do sevizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais. Lotes 2, 6 e 22, cunha duración de un ano prorrogable por outro ano, e cun prazo de execución de dous meses e medio contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade; coa seguinte división por lotes:

| Lote | Termo municipal |
|---|---|
| 2 | Burela, Cervo, Foz, Valadouro e Alfoz |
| 6 | Pontenova, Riotorto e Pastoriza |
| 22 | Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil |

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP.

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato ascende a 218.129,34 euros. O orzamento base de licitación inclúe 37.857,15 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 180.272,19 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

| Nº Lote | Orzamento sen ive (€) | IVE (21%) (€) | Orzamento Base de Licitación (€) |
|---|---|---|---|
| 2 | 57.307,16 | 12.034,50 | 69.341,66 |
| 6 | 63.217,73 | 13.275,72 | 76.493,45 |
| 22 | 59.747,30 | 12.546,93 | 72.294,23 |
| TOTAL | 180.272,19 | 37.857,15 | 218.129,34 |

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117. 2 da LCSP e a base 18a de execución do Orzamento Xeral.

Que o mencionado gasto financiarase con cargo ás anualidades 2025;para a anualidade 2025, está previsto no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 26 de novembro de 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 3/201 |

**3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DUN PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS DE PIRAGÜISMO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23 de decenbro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

*Antecedentes*.

1. Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7UETD7EEFPZGGJQAHS4USE6E.
2. Providencia de inicio do contrato, con CSV: IV7UETD4MFNOKS4DUN64CF3UIE.
3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UETD7EA57TNJPRV5DGY2QMM.
4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7UETD4JIJ2V2O42YIHJZYEIM.
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7UE776FUGN5PV2QYQSGRI7KQ.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7UGPLZZRVNZTHZS3YFCRJT7Y.
7. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7UGPL4PBVNRNGL64IMORPR6E.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7UGPQIFB4M6WG3SAMGDZTD6A.
9. Acordo de Xunta de Goberno do día 25 de outubro do 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7VUWBC2HXMWVEN3TQDEFH754.
10. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 29 de outubro de 2024.
11. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 20 de novembro de 2024, con CSV: IV7VQWAKF4J3JJFMCJ5TODZWOE, na que se recolle o seguinte:
"Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do sobre que contén a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, do único licitador concorrente a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público é a Federación Galega de Piragüismo.
Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, e considerando a empresa concorrente presentou dentro do prazo concedido a tales efectos a súa proposta, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos. Resultando que o Anexo I presentado pola única empresa

concorrente se axusta aos requisitos recollidos no PCAP, acórdase admitir a esta empresa.
A mesa de contratación procede á apertura do sobre electrónico da licitadora admitida, relativo aos criterios non avaliables mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, e acorda enviar a documentación contida en dito sobre a informe e valoración do Servizo de Deportes da Deputación de Lugo."

13. Informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7VRTR5DIUYL7VZU54W6JHQFY.

14. Acta da mesa de contratación do día 2 de decembro de 2024, con CSV: IV7VS2XINI6YRRMYQ4ABM4XEKM, na que se recolle o seguinte:
"En primeiro lugar, dáse conta do Informe con CSV: IV7VRTR5DIUYL7VZU54W6JHQFY, emitido polo Servizo de Deportes, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor da proposición presentada pola única empresa concorrente ao procedemento, atribuíndolle a seguinte puntuación:

| Criterios de adxudicación non avaliables mediante fórmulas. FASE 1 | PUNTUACIÓN ACADADA |
|---|---|
| 1.Calidade técnica da oferta | 10 |
| 2.Horas de formación das persoas traballadoras. | 0 |
| 3.Actividades de reinserción social a través do deporte. | 2,5 |
| 4.Realización de enquisas de satisfacción dos servizos prestados | 3,75 |
| Total | 16,25 |

A Mesa, por unanimidade, acorda aceptalo e en consecuencia incorporar a puntuación informada polo técnico e proseguir coas actuacións relativas á licitación, polo que se procede a apertura do sobre relativo aos criterios avaliables mediante fórmulas ou valores automáticos, resultando que a licitadora presenta a seguinte oferta.
Comprométese a executar o Plan de uso deportivo ordinario das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo ofertando unha porcentaxe de desconto sobre o prezo máximo unitario dun 1%.
Comprométese a realizar o Plan provincial de promoción do piragüismo, que comprenderá 795 actuacións ordinarias e 1 actuación extraordinaria ofertando un desconto sobre o prezo máximo unitario por actuación, tanto ordinaria como extraordinaria, dun 1%.
Comprométese á realización das seguintes actividades conxuntas con outras entidades deportivas de outras disciplinas distintas do piragüismo:
1 actividade conxunta de fomento de adquisición de hábitos saudables.
1 actividade conxunta de integración da muller no deporte
1 actividade conxunta de integración no deporte de persoas con discapacidade
Comprométese á realización das seguintes actividades conxuntas cos concellos da provincia de Lugo a través da Área de Deportes da Deputación de Lugo:
1 actividade conxunta de fomento de adquisición de hábitos saudables.
1 actividade conxunta de integración da muller no deporte
1 actividade conxunta de integración no deporte de persoas con discapacidade.

Aplicando as fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo á oferta do licitador, éste acada as seguintes puntuacións:

| Criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas. FASE 2 | PUNTUACIÓN ACADADA POLO LICITADOR |
|---|---|
| 5.Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto do plan provincial de promoción do piragüismo. | 27 |
| 6.Oferta económica expresada en porcentaxe de desconto do plan de uso deportivo ordinario das instalacións de piragüismo. | 18 |
| 7.Realización de actividades deportivas conxuntas con outras entidades deportivas de outras disciplinas distintas do piragüismo. | 7,5 |
| 8.Realización de actividades deportivas conxuntas cos concellos da provincia de Lugo a través da Área de Deportes da Deputación. | 7,5 |
| Total | 60 |

Sumando as puntuacións da fase 1 e da fase 2, o licitador concorrente obtén 76,25 puntos.
A Mesa comprobou que a oferta económica non está incursa en valores desproporcionados ou anormalmente baixos, acordando por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:
1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia ponderación:

| NÚMERO DE ORDE | LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO | 76,25 PUNTOS |

2º.- Requirir á empresa Federación Galega de piragüismo, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orzamento de licitación sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 5 % |
|---|---|
| 101.493,65 Euros | 5.074,68 Euros |

(...).”

15. Resolución da Presidencia do día 09 de decembro de 2024, con CSV: IV7VSPBLFV654W7LBUFBCMQVFY, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

16. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 11 de decembro de 2024.

17. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 18 de decembro de 2024.
Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.
Incorporouse ao expediente certificado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada
Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á Federación Galega de Piragüismo, a contratación do servizo de deseño, elaboración e execución dun plan de uso das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo e promoción do piragüismo na provincia de Lugo, por importe de 101.493,65 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 21.313,67 €, o que fai un total de 122.807,32 €, atendendo ao seguinte detalle:
Parte fixa por mensualidades: Plan de uso deportivo ordinario das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo: 3.383,13 euros mensuais, aos que se aplicará un IVE DO 21%, 710,46 euros, o que ascende a un total de 4.093,59 euros mensuais.
Parte variable: Plan provincial de promoción do piragüismo: 76,49 euros por cada actuación, aos que se engadirán 16,06 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 92,55 euros.
Parte variable: Plan provincial de promoción do piragüismo. 1 actuación extraordinaria, que ascende a 80,77 euros, aos que se engadirán 16,96 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 97,73 euros.
A duración do contrato é de un ano, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á Federación Galega de Piragüismo, a contratación do servizo de deseño, elaboración e execución dun plan de uso das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo e promoción do piragüismo na provincia de Lugo, por importe de

101.493,65 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 21.313,67 €, o que fai un total de 122.807,32 €, atendendo ao seguinte desglose:
Parte fixa por mensualidades: Plan de uso deportivo ordinario das instalacións de piragüismo da Deputación de Lugo: 3.383,13 euros mensuais, aos que se aplicará un IVE do 21%, 710,46 euros, o que ascende a un total de 4.093,59 euros mensuais.
Parte variable: Plan provincial de promoción do piragüismo: 76,49 euros por cada actuación, aos que se engadirán 16,06 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 92,55 euros.
Parte variable: Plan provincial de promoción do piragüismo. 1 actuación extraordinaria, que ascende a 80,77 euros, aos que se engadirán 16,96 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 97,73 euros.

**2º.-** A distribución por anualidades (posto que se prevé o inicio do contrato o día 01 de febreiro de 2025), é a seguinte:
Anualidade 2025:118.713,73 euros
Anualidade 2026: 4.093,59 euros
O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117. 2 da LCSP e a base 18a de execución do Orzamento Xeral.
O mencionado gasto financiarase con cargo ás anualidades 2025 e 2026; para a anualidade 2025, está previsto no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno do 26 de novembro de 2024; e, para a anualidade 2026, a Deputación, adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade fínanceira de incluir, no orzamento do 2026, as cantidades indicadas na aplicación orzamentaria 3421.22799.

**3º.-** A duración deste contrato é de un ano, prorrogables por tres anos (1 + 1 + 1 + 1). O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 8/201 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA DOS EQUIPOS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23 de decembro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*.

1. Providencia de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV7U43YNFEJK3XUT6PYEIIXGE4.
2. Pregos de prescricións técnicas, con CSV: IV7U637TNYGC3643URFRGMHBKI.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7U4TIZP56C5LULW5AWGBIBLY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7U6GT7PT457T7J6HUXIUQ6KU.
5. Informe xurídico con CSV: IV7U6GTSLTUO7ZJYXUQWG4YAOU.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7U6GZIZUZ7VPG5BQGWKH2B54.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7U6GYC3PXSZKUZTUYNEZ7G6Q.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 06 de setembro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7U7TQCB4E4YRFNXVNEMXYA4I.
9. Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 10 de setembro de 2024.
10. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 11 de setembro de 2024.
11. Acordo de Xunta de Goberno do día 11 de outubro de 2024, polo que se rectifican os pregos de cláusulas administrativas e Memoria xustificativa , con CSV: IV7UFQJKH5M37GMZAUHVCZQWKE.
12. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

13. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29 de outubro de 2024, con CSV: IV7VVSD4FMU7ZDW3AIMWCATCD4, na que se recolle o seguinte:
"En primeiro lugar procedeuse á apertura do sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que,

segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

| LICITADORES |
| --- |
| ALPA COPIADORAS |
| BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. |
| SOLITIUM, S.L. |

Considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres que conteñen as ofertas correspondentes aos criterios avaliables automáticamente (Anexo II), sendo os resultados da apertura das ofertas económicas os que se indican a continuación.

| Prezo (máximo 50 puntos) | | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| Criterio | Puntuación Máxima (POE) | Limite (IVE non engadido) | Fórmula | Valor ofertado ALPA COPIADORAS | Valor ofertado BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. | Valor ofertado SOLITIUM, S.L. |
| Custe copia Branco e negro. Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor prezo por copia (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo) | 10 | (máximo) 0,0072 € | $\frac{POE * (Omin)}{(Oi)}$ | 0,005 | 0,0064 | 0,0065 |
| Custe copia Cor. Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor prezo por copia (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo) | 10 | (máximo) 0,036 € | $\frac{POE * (Omin)}{(Oi)}$ | 0,03 | 0,0359 | 0,0359 |
| Custe mensual de arrendamento Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor coste mensual de arrendamento (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo) | 30 | (máximo) 7.400 € | $\frac{POE * (Omin)}{(Oi)}$ | 5.900,00 | 7.395,00 | 5.732,02 |

| Melloras sobre as características técnicas das máquinas (máximo 42 puntos) | | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| Mellora MODELO A: Maquina Despacho B/N (máximo 14 puntos) | | | | | | |
| Criterio | Puntuación Máxima (POE) | Limite | Fórmula | Valor ofertado ALPA COPIADORAS | Valor ofertado BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. | Valor ofertado SOLITIUM, S.L. |
| Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio | 5 | (mínimo) 30 | $\frac{POE * (Oi)}{(Omax)}$ | 40 | 55 | 50 |
| Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo. | 4 | - | $\frac{POE * (Omin)}{(Oi)}$ | 0,08 | 0,5 | 0,74 |
| % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor % | 5 | - | $\frac{POE * (Omin)}{(Oi)}$ | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

| Mellora MODELO B: Maquina Despacho COR (máximo 14 puntos) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Criterio | Puntuación Máxima (POE) | Limite | Fórmula | Valor ofertado ALPA COPIADORAS | Valor ofertado BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. | Valor ofertado SOLITIUM, S.L. |
| Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio | 5 | (mínimo) 30 | $\frac{POE*(Oi)}{(Omax)}$ | 40 | 35 | 43 |
| Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo. | 4 | - | $\frac{POE*(Omin)}{(Oi)}$ | 0,09 | 0.6 | 0,9 |
| % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor % | 5 | - | $\frac{POE*(Omin)}{(Oi)}$ | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Mellora MODELO C: Maquina Departamento (máximo 14 puntos) | | | | | | |
| Criterio | Puntuación Máxima (POE) | Limite | Fórmula | Valor ofertado ALPA COPIADORAS | Valor ofertado BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. | Valor ofertado SOLITIUM, S.L. |
| Velocidade impresión branco e negro (ppm) Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio | 5 | (mínimo) 50 | $\frac{POE*(Oi)}{(Omax)}$ | 50 | 60 | 55 |
| Consumo enerxético en reposo (en vatios) Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo. | 4 | - | $\frac{POE*(Omin)}{(Oi)}$ | 1,1 | 0,8 | 0,4 |
| % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor % | 5 | - | $\frac{POE*(Omin)}{(Oi)}$ | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

Outras melloras.

| Melloras no tempo de implantación (máximo 3 puntos) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Criterio | Puntuación Máxima (POE) | Limite | Fórmula | Valor ofertado ALPA COPIADORAS | Valor ofertado BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. | Valor ofertado SOLITIUM, S.L. |
| Tempo despliegue e implantación. Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor tempo (en días) de implantación. | 3 | (máximo) 20 días hábiles | $POE*\frac{(O\,min)}{(Oi)}$ | 14 días | 14 días | 15 días |

| Melloras Aumento orzamento bolsa de subministro de consumibles. (máximo 5 puntos) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Criterio | Puntuación Máxima (POE) | Limite | Fórmula | Valor ofertado ALPA COPIADORAS | Valor ofertado BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L. | Valor ofertado SOLITIUM, S.L. |
| Aumento orzamento bolsa de subministro de consumibles. Obterá maior puntuación a proposta que ofreza unha maior bolsa para gastar en consumibles. (apartado 3.4 do PPT) | 5 | Mínimo: 3.000€ sen IVE/ano<br>Máximo: 6.000€ sen IVE/ano | $\frac{POE*(Oi)}{(Omax)}$ | 4.500 | 6.000 | 6.000 |

Unha vez abertos os sobres, a Mesa acorda enviar a documentación contida nos mesmos a ao servizo de Comunicación e TICs para o cálculo das puntuacións, das que se darán conta no próxima Mesa de Contratación.

(…)”



| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 11/201 |

14. Acta da mesa de contratación do día 05 de novembro de 2024, con CSV: IV7VVT7YPT7M3KU7CX5TCUSD44, na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia da Mesa procédese a lectura do informe emitido polo Adxunto ao Xefe de Servizo de Comunicación e TICs:

"Reunida o día 29 de outubro de 2024 a Mesa de Contratación co obxecto, entre outros, de proceder a apertura das ofertas presentadas na licitación con número de expediente 2024/CON_02/000054 para a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción a compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación de Lugo (2024/CON_02/000054), resultando que os integrantes da Mesa acordaron dar traslado ao Servizo de Comunicación e TICs, á Sección de Novas Tecnoloxías, para a valoración das ofertas.

Revisadas as ofertas económicas achegadas polos licitadores, xunto cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas que rixen esta contratación este Servizo de Comunicación e TICs, informa o seguinte:

Presentan oferta, en forma e prazo, tres licitadores: Alpa Copiadoras, Bigo Soluciones Informáticas e Solitium S.L.

No criterio de valoración "% incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento" para os tres modelos A,B e C, os licitadores ofertan 0%, 0% e 0.00001% respectivamente. Tendo en conta que o ofertado por Solitium é 0,00001%,e que no apartado "O" do cadro resume do PCAP se indica que o custe mensual de arrendamento será axustado a dous decimais, polo tanto, a % de incremento sobre o arrendamento tamén debe aproximarse a un máximo de 2 decimais.

A maior abundamento neste extremo, procede dicir que as tres ofertas teñen o mesmo impacto económico que sería de 0 euros , xa que se calcula aplicando esta porcentaxe ao custo mensual de arrendamento, de forma que coas porcentaxes ofertadas o resultado sería inferior ao céntimo e polo tanto non tería repercusión no importe económico.

Finalmente cabe lembrar a regra do redondeo establecida no artigo 11 de la Lei 46/1998, de 17 de decembro de introducción o euro. O axuste legalmente realízase ao céntimo máis próximo, redondeándose por exceso ou por defecto, cando a cifra lanza un importe con máis de dous decimais, e polo tanto a oferta de Solitium aproximada a dous decimáis é de 0,00 %

A seguinte táboa resumen o ofertado polas empresas e as puntuacións resultantes.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 12/201 |

| | Criterio | ALPA Copiadoras (Ofertas licitadores) | BIGO Solucions Informáticas (Ofertas licitadores) | SOLITIUM S.L. (Ofertas licitadores) | ALPA Copiadoras (Puntuacións) | BIGO Soluciones Informáticas (Puntuacións) | SOLITIUM S.L. (Puntuacións) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | OFERTAS LICITADORES | | | PUNTUACIÓNS | | |
| | **Custe copia Branco e negro.** *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor prezo por copia (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo)* | 0,005 | 0,0064 | 0,0065 | 10 | 7,81 | 7,69 |
| | **Custe copia Cor.** *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor prezo por copia (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo)* | 0,03 | 0,0359 | 0,0359 | 10 | 8,36 | 8,36 |
| | **Custe mensual de arrendamento** ***Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor coste mensual de arrendamento (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo)*** | 5.900,00 € | 7.395,00 € | 5.732,02 € | 29,15 | 23,25 | 30 |
| MODELO A | Velocidade impresión branco e negro (ppm) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio* | 40 | 55 | 50 | 3,64 | 5 | 4,55 |
| MODELO A | Consumo enerxético en reposo (en vatios) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo.* | 0,08 | 0,5 | 0,74 | 4 | 0,64 | 0,43 |
| MODELO A | % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor %* | 0 | 0 | 0 | 5 | 5 | 5 |
| MODELO B | Velocidade impresión branco e negro (ppm) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio* | 40 | 35 | 43 | 4,65 | 4,07 | 5 |
| MODELO B | Consumo enerxético en reposo (en vatios) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo.* | 0,09 | 0,6 | 0,9 | 4 | 0,6 | 0,4 |
| MODELO B | % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor %* | 0 | 0 | 0 | 5 | 5 | 5 |
| MODELO C | Velocidade impresión branco e negro (ppm) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio* | 50 | 60 | 55 | 0 | 5 | 4,58 |
| MODELO C | Consumo enerxético en reposo (en vatios) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo.* | 1,1 | 0,8 | 0,4 | 1,45 | 2 | 4 |
| MODELO C | % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor %* | 0 | 0 | 0 | 5 | 5 | 5 |
| | Tempo despliegue e implantación. *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor tempo (en días) de implantación.* | 14 | 14 | 15 | 3 | 3 | 2,8 |
| | Aumento orzamento bolsa de subministro de consumibles. *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza unha maior bolsa para gastar en consumibles. (apartado 3.4 do PPT)* | 4.500,00 € | 6.000,00 € | 6.000,00 € | 3,75 | 5 | 5 |
| | **Puntuacion** | | | | **88,64** | **79,73** | **87,81** |

Ningunha das ofertas incorre en oferta anormal ou desproporcionada, segundo o indicado na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas (o cálculo faise coa ferramenta que proporciona a plataforma de www.contratosdelsectorpublico.es)

CSP Contratos del Sector Público

**Ofertas presentadas por 3 licitadores (Artículo 85.3 RGLCAP)**

Resultados del cálculo siguiendo lo indicado en el artículo 85.3 del RGLCAP:

Para un presupuesto base de licitación (PBL) de 15.140€ y las siguientes 3 ofertas

>> La oferta de la entidad "ALPA COPIADORAS", que asciende a 12025€ ( - Computa en el cálculo), y supone una baja del 20.57% sobre el PBL, presenta valores normales

>> La oferta de la entidad "BIGO SOLUCIONES INFORMÁTICAS SL", que asciende a 14860€ ( - No Computa en el cálculo), y supone una baja del 1.85% sobre el PBL, presen

>> La oferta de la entidad "SOLITIUM SL", que asciende a 13229.52€ ( - Computa en el cálculo), y supone una baja del 12.62% sobre el PBL, presenta valores normales

-> Medias aritméticas (normal, más 10% y menos 10%): 13371.51, 14708.66 y 12034.36 respectivamente

-> Media ajustada respecto de las ofertas que computan (normal y menos 10%): 12627.26 y 11364.53 respectivamente

->  Baja superior a 25%: 11355

1. Visto o ofertado pola empresa Alpa Copiadoras en relación ao criterio "Consumo enerxético en reposo" para os modelos A e B, proponse solicitar aclaración á empresa de cara a comprobar os valores ofertados, considerando preciso que se indiquen os modelos concretos das máquinas e a documentación técnica oficial onde se indiquen os consumos enerxéticos das mesmas.

2. Por último indicar que non foi posible acreditar que o licitador Alpa Copiadoras conte coa certificación ENS nivel medio, algo que se indica no prego de prescricións técnicas de licitación, no epígrafe 4.3, e que se considera requisito no momento da prestación do servizo: "As medidas de seguridade a implantar serán as establecidas no Esquema Nacional de Seguridade para unha categorización de sistema de nivel medio. Para iso a empresa ten que contar, como mínimo, de certificación media do Esquema Nacional de Seguridade para o alcance relacionado do contrato (que se poderá comprobar na web do Centro Criptolóxico Nacional: ens.ccn.cni.es)". Revisada

a páxina ens.ccn.cni.es non se atopa ningunha certificación a nome de Alpa Copiadoras, polo que se considera preciso que aclare como se cumprirá este requisito no momento de iniciar as prestacións do contrato.

Visto o informado en relación ás ofertas presentadas a este servizo, proponse á Mesa de Contratación:

Solicitar aclaración a Alpa Copiadoras para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, presente a documentación que permita á Mesa de Contratación verificar coas fichas técnicas das máquinas os valores ofertados no criterio "Consumo enerxético en reposo" para os modelos A e B.

Solicitar aclaración para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles a empresa aclare cómo cumprirá o requisito de certificación media do Esquema Nacional de Seguridade esixido no PPT xa que revisada a páxina ens.ccn.cni.es non consta certificación a nome de Alpa Copiadoras".

De seguido a Mesa de contratación acorda outorgar a puntuación acadada polas licitadoras e proceder conforme ao informado polo órgano xestor, tal e como se reflicte a continuación:

1. Puntuacións:

| ALPA Copiadoras | BIGO Soluciones Informáticas | SOLITIUM S.L. |
|---|---|---|
| 88,64 | 79,73 | 87,81 |

2. Solicitar aclaración a Alpa Copiadoras para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles presente a seguinte documentación:
1. Documentación que permita á Mesa de Contratación verificar coas fichas técnicas das máquinas os valores ofertados no criterio "Consumo enerxético en reposo" para os modelos A e B.
2. Aclaración sobre cómo cumprirá o requisito de certificación media do Esquema Nacional de Seguridade esixido no PPT xa que revisada a páxina ens.ccn.cni.es non consta certificación a nome de Alpa Copiadoras".
(...)"

15. Acta da mesa de contratación do día 21 de novembro de 2024, con CSV: IV7VQUCCIH5LTFGP4BFFCNS74A, na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que o día 06 de novembro de 2024 solicitouse aclaración a empresa Alpa Copiadoras nos termos acordados na Mesa de Contratación celebrada o día 5 deste mes, incorporando a empresa a documentación solicitada o día 13 de novembro mediante a Plataforma de Contratación del Sector Público.
A continuación procédese a lectura do informe emitido polo Adxunto ao Xefe de Servizo de Comunicación e TICs en relación ás aclaracións presentadas pola empresa Alpa Copiadoras en relación ao criterio "Consumo enerxético en reposo" para os

modelos A e B, así coma a explicación de cómo cumprirá o requisito de certificación media do Esquema Nacional de Seguridade esixido no PPT xa que revisada a páxina ens.ccn.cni.es non consta certificación a nome de Alpa Copiadoras.
"Tras revisar a documentación presentada pola empresa Alpa Copiadoras S.L. con CIF B47403043 co fin de verificar tanto a certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) nivel medio como o valor ofertado nos criterios de adxudicación "Consumo enérxetico en reposo (vatios)" dos modelos de impresoras ofertados para a tipoloxía de máquinas identificada nos pregos como Modelo A e Modelo B, a Sección de Novas Tecnoloxías do Servizo de Comunicación e TICs, informa que:
Primeiro.- En relación á acreditación da certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) nivel medio por parte de Alpa Copiadoras S.L. que se consideraba un requisito no momento de prestación do servizo (segundo o epígrafe 4.3 do prego de prescricións técnicas), a empresa aporta certificación das empresas fabricantes dos modelos de impresoras ofertados así como certificado das mesmas onde se indica que Alpa Copiadoras S.L. é distribuidora oficial e un certificado dunha empresa de consultoría que está realizando o proceso de certificación do ENS para a propia empresa Alpa Copiadoras S.L.
Segundo.- A proposta presentada pola empresa Alpa Copiadoras S.L. ofertou un valor de 0,08 vatios e 0,09 vatios no criterio de "Consumo enérxetico en reposo (vatios)" dos modelos A e B respectivamente. Revisada a documentación presentada por Alpa Copiadoras S.L na que se indica que o modelo de impresora A ofertado sería unha máquina HP E42540 e o modelo de impresora B ofertado sería unha máquina HP X58045, xunto coas fichas técnicas de ambas máquinas, advírtese que o consumo en reposo do modelo B (HP X58045) segundo a ficha técnica do fabricante é de 0,9 vatios non de 0,09 vatios como indicaba na proposta.

En vista do anterior, informamos á Mesa de Contratación que, se ben sí que acredita que actualmente se atopa en proceso de certificación ENS nivel Medio sen embargo o valor indicado no criterio "Consumo enerxético en reposo (vatios)" do modelo B ofertado por Alpa Copiadoras S.L. non se corresponde co valor que indica a ficha técnica do equipo ofertado (HP X58045)."

Visto que segundo o informado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, o indicado na oferta económica presentada por Alpa Copiadoras S.L. no apartado"Consumo enerxético en reposo" para o modelo B non sería correcta, xa que na proposta indican 0,09 vatios, cando realmente debería poñer 0,9 vatios.
Tendo en conta que se trata dun valor expresado nunha ficha técnica oficial, como consta na documentación aportada na aclaración, non é un valor determinado á vontade do licitador,e a maior abundamento é un apartado secundario respecto do global da oferta económica,(este apartado pesa 4 puntos sobre os 100 da oferta) semella que debe primar o criterio de proporcionalidade sendo o máis equilibrado acordar non valorar ese apartado e outorgarlle 0 puntos .


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 15/201 |

De seguido a Mesa de contratación acorda, segundo o antedito, outorgar as novas puntuacións acadadas polas licitadoras e proceder conforme ao informado polo órgano xestor, tal e como se reflicte a continuación:

| | | OFERTAS LICITADORES | | | PUNTUACIÓNS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Criterio | ALPA Copiadoras | BIGO Soluciones Informáticas | SOLITIUM S.L. | ALPA Copiadoras | BIGO Soluciones Informáticas | SOLITIUM S.L. |
| | **Custe copia Branco e negro.** *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor prezo por copia (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo)* | 0,005 | 0,0064 | 0,0065 | 10 | 7,81 | 7,69 |
| | **Custe copia Cor.** *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor prezo por copia (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo)* | 0,03 | 0,0359 | 0,0359 | 10 | 8,36 | 8,36 |
| | **Custe mensual de arrendamento** ***Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor coste mensual de arrendamento (se descartarán aquelas que ofrezan un coste superior ao máximo)*** | 5.900,00 € | 7.395,00 € | 5.732,02 € | 29,15 | 23,25 | 30 |
| MODELO A | Velocidade impresión branco e negro (ppm) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio* | 40 | 55 | 50 | 3,64 | 5 | 4,55 |
| | Consumo enerxético en reposo (en vatios) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo.* | 0,08 | 0,5 | 0,74 | 4 | 0,64 | 0,43 |
| | % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor %* | 1E-06 | 1E-06 | 1E-06 | 5 | 5 | 5 |
| MODELO B | Velocidade impresión branco e negro (ppm) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio* | 40 | 35 | 43 | 4,65 | 4,07 | 5 |
| | Consumo enerxético en reposo (en vatios) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo.* | SE ANULA | 0,6 | 0,9 | 0 | 4 | 2,67 |
| | % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor %* | 1E-06 | 1E-06 | 1E-06 | 5 | 5 | 5 |
| MODELO C | Velocidade impresión branco e negro (ppm) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un maior ratio* | 50 | 60 | 55 | 0 | 5 | 4,58 |
| | Consumo enerxético en reposo (en vatios) *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor consumo.* | 1,1 | 0,8 | 0,4 | 1,45 | 2 | 4 |
| | % incremento anual sobre o custe unitario medio de arrendamento *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor %* | 1E-06 | 1E-06 | 1E-06 | 5 | 5 | 5 |
| | Tempo despliegue e implantación. *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza un menor tempo (en días) de implantación.* | 14 | 14 | 15 | 3 | 3 | 2,8 |
| | Aumento orzamento bolsa de subministro de consumibles. *Obterá maior puntuación a proposta que ofreza unha maior bolsa para gastar en consumibles. (apartado 3.4 do PPT)* | 4.500,00 € | 6.000,00 € | 6.000,00 € | 3,75 | 5 | 5 |
| | **Puntuacion** | | | | **84,64** | **83,13** | **90,08** |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas presentadas, atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADOR | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | SOLITIUM S.L. | 90,08 |
| 2 | ALPA Copiadoras | 84,64 |
| 3 | BIGO Soluciones Informáticas | 83,13 |

2º.- Requirir á empresa Solitium S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 5 % |
|---|---|
| 369.360,00 € | 18.468,00€ |

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 16/201 |

Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.
(...)"

16. Resolución da Presidencia do día 26 de novembro de 2024, con CSV: IV7VQKIPJBPP5RN3XXQTC5H6II , pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados.

17. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 28 de novembro de 2024.

16. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.
Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
Que o concello cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este

vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao

Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.-Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen

vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio, en triplicado exemplar, do que como secretario dou fe".

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 36.612,30 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2º.- Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para o "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo auditorio e centro sociocultural o Vello Cárcere" no Concello de Lugo, anualidade 2024.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 54/201 |

"En relación co escrito, presentado por dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, actuando como Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, con CIF: P2702800J, con data 10/12/2024 e RE, nº: 2024RT021367 (Expediente 2024/PES_03/024112), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural O Vello Cárcere" do Concello de Lugo, procede emitir o seguinte informe:

*Fundamentos xurídicos.*

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural O Vello Cárcere" do Concello de Lugo, enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
"Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48. 9 da LRXSP).
O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: "As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a

teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades".

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á execución das instalacións e actuacións necesarias para o acondicionamento de tres edificios culturais municipais: o Auditorio Gustavo Freire, o Novo Auditorio Municipal e o Centro Sociocultural O Vello Cárcere, por ser espazos que necesitan remodelarse e/ou adaptarse á normativa vixente de seguridade co fin de mellorar os servizos prestados á cidadanía e ofrecelos nas mellores condicións posibles, así como á mesma vez fomentar, promocionar e difundir a cultura no municipio.
En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, con esta actuación preténdese cumprir un dobre obxectivo: por unha banda, fomentar, promocionar e difundir a cultura no municipio e por outra banda, mellorar así os servizos prestados á cidadanía. Deste xeito poderase contribuír ao dinamismo socio – cultural do Concello de Lugo, coa finalidade de facer efectivo o disposto nos artigos 76 e 77 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, en canto á valorización do medio rural e que poñen de manifesto que "....se impulsarán mecanismos de cooperación entre as administracións que permitan desenvolver espazos de innovación e fortalecer os vínculos relacionais da poboación, así como a mellora da eficiencia e productividade das actividades socioeconómicas...".
En relación ao seu impacto económico, non se pode cuantificar con exactitude a rendibilidade final dunhas obras de acondicionamento de espazos municipais, mais a realización dunha actuación deste tipo vai favorecer o movemento cultural e social, en canto produce a mobilización da poboación que demanda actividades culturais e espazos para a divulgación cultural, así como una revalorización do medio no que estas se poden desenvolver, fomentando o desenvolvemento socio – económico e cultural do territorio e o aumento da oferta cultural do municipio.
Efectivamente, da lectura do Convenio Interadminstrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire "á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial", de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, "o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia".

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000€. Polo tanto, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, atendendo ao importe económico do Convenio.

5. A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 125.000,00€, para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Lugo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 26.734,00€; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

6. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural O Vello Cárcere" do Concello de Lugo.
É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 57/201 |

**1º.-** Aprobar o texto do "Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural O Vello Cárcere" do Concello de Lugo, anualidade 2024, por importe total de 151.734,00 €.

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo auditorio e centro sociocultural o Vello Cárcere" no Concello de Lugo, ano 2024.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, en virtude de Resolución de Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, con N.I.F P2702800J e sede social na Praza Maior s/n, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 60/201 |

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 61/201 |

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL (IVE engadido) |
|---|---|
| "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural O Vello Cárcere" | |
| Auditorio Gustavo Freire | 102.487,00€ |
| Novo Auditorio | 29.282,00€ |
| Centro Sociocultural O Vello Cárcere | 19.965,00€ |
| CUSTE TOTAL | 151.734,00 € |

| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 62/201 |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 125.000,00 € | 26.734,00 € |
| TOTAL: 151.734,00 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.

Terceira.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese colaborar no financiamento dos gastos derivados do acondicionamento de tres edificios culturais municipais, como son o Auditorio Gustavo Freire, o Novo Auditorio e o Centro Sociocultural O Vello Cárcere, como espazos enfocados á promoción e difusión cultural no entorno da provincia, o que constitúe unha fonte de desenvolvemento cultural, social, económico e turístico do municipio, así como un motor fundamental das estratexias de diversificación e dinamización cultural.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes
Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no caso das obras, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Lugo.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido

2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construccións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente (no caso das obras)
5. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 125.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Lugo efectuará unha achega de 26.734,00€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será de titularidade compartida coa poboación, posto que os efectos do acondicionamento de espazos a nivel cultural, turístico, económico e social son comúns e benefician ao municipio de Lugo e á súa contorna.
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da/ actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación (no caso das obras)
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.
O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.
Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
Que de cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a)Velar polo cumprimento deste convenio.
b)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a

actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.-Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** Aprobar o gasto de 125.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, a favor do Concello de Lugo, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural O Vello Cárcere" do Concello de Lugo, anualidade 2024."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*3º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Reactivación da economía e promoción do emprego no Concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira. Anos 2024 e 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES_03/024749) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:
"Primeiro.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Reactivación da economía e promoción do emprego no Concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira, anos 2024 e 2025 por importe total de 115.923,72 € (...)
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 110.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 43.500,00€ son con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 (40.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para financiar gastos da Liña 2 e 3.500,00 na aplicación orzamentaria 4330.48911 para financiar gastos da Liña 1) para cubir os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2024.
Terceiro.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2025 o importe de 66.500,00 € (10.500,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para financiar gastos da Liña 2 e 56.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.48911 para financiar gastos da Liña 1) para cubrir os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2025, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "reactivación da economía e promoción do emprego no concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira. anos 2024 e 2025 formalizouse o 31 de outubro de 2024.

Terceiro.- O representante da Fundación TerrEo remitiu, o 20 de decembro de 2024 (2024RT021938) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:
"Visto que na solicitude do convenio se proxectaba un aluguer para a anualidade 2024 de tres mensualidades, pero que por motivos de falta de persoal administrativo non se puido iniciar o expediente de contratación patrimonial ata o mes de decembro, non é posible imputar máis de 10 días de aluguer (500,00 euros, sen IVE).
Por este motivo, tampouco se puideron iniciar as obras proxectadas nas instalación da gasolineira.

Visto o exposto, Solicito:

Primeiro.- Modificar o convenio interadministrativo asinado entre a Fundación Terreo e a Excma. Deputación de Lugo, co seguinte desglose económico das achegas por parte da Excma. Deputación de Lugo: ano 2024 gasto corrente 500,00 euros (sen

IVE) Inversión 40.000,00 euros (sen IVE) ano 2025 Gasto corrente 59.000,00 euros (sen IVE) Inversión 10.500,00 euros (sen IVE)

Segundo.- Modificar a achega económica comprometida por esta entidade para o ano 2024, quedando do seguinte xeito:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | | ACHEGA DA FUNDACIÓN | |
|---|---|---|---|
| ANO 2024:<br>Liña 1: 500,00 €<br>Liña 2: 40.000,00 € | ANO 2025:<br>Liña1: 59.000,00€<br>Liña 2: 10.500,00 € | ANO 2024:<br>Liña 1: 0,00 €<br>Liña 2: 0,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 5.923,72 €<br>Liña 2: 0,00 € |
| TOTAL: 110.000,00 € | | TOTAL: 5.923,72 € | |
| TOTAL (SEN IVE): 115.923,72 € | | | |

Terceiro.- Ampliación do prazo de execución da anualidade 2024 (Liña 2) dende o 01/01/2024 ata o 30/06/2025, e para a anualidade 2025 (Liña 2) dende o 01/07/2025 ata o 31/12/2025.”.

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade do 2025 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027. debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Así mesmo, a conta xustificativa da anualidade do 2024 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2025 e pagada na data límite do 31 de xaneiro de 2026”.

Na cláusula Oitava.- Modificación.
“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023, formalizado o 31 de outubro de 2024 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 71/201 |

*Conclusións.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo,
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común),
E que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente a modificación solicitada pola representante das Fundación TerrEo nos termos da addenda de modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia"

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "reactivación da economía e promoción do emprego no concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira. anos 2024 e 2025 formalizado o 31 de outubro de 2024 cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso.

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de lugo e a fundación terreo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "reactivación da economía e promoción do emprego no concello de ribeira de piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira. Anos 2024 e 2025.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Roberto Fernández Rico, Presidente da Fundación TerrEO, con N.I.F G-42882704 e sede social en Chao de Pousadorio s/n, Ribeira de Piquín, actuando en nome e representación da citada entidade e con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo. en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obri-garse nos termos da presente modificación e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:
"Primeiro.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Reactivación da economía e promoción do emprego no Concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira, anos 2024 e 2025 por importe total de 115.923,72 € (...)
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 110.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 43.500,00€ son con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 (40.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para financiar gastos da Liña 2 e 3.500,00 na aplicación orzamentaria 4330.48911 para financiar gastos da Liña 1) para cubir os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2024.
Terceiro.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2025 o importe de 66.500,00 € (10.500,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para financiar gastos da Liña 2 e 56.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.48911 para financiar gastos da Liña 1) para cubrir os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2025, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "reactivación da economía e promoción do emprego no concello de Ribeira de Piquín afectado polo despoboamento" a través da posta en funcionamento dunha gasolineira. anos 2024 e 2025 formali-zouse o 31 de outubro de 2024.

Terceiro.- O representante da Fundación TerrEo remitiu, o 20 de decembro de 2024 (2024RT021938) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:
"Visto que na solicitude do convenio se proxectaba un aluguer para a anualidade 2024 de tres mensuali-dades, pero que por motivos de falta de persoal administrativo non se puido iniciar o expediente de con-tratación patrimonial ata o mes de decembro, non é posible imputar máis de 10 días de aluguer (500,00 euros, sen IVE).
Por este motivo, tampouco se puideron iniciar as obras proxectadas nas instalación da gasolineira.
Visto o exposto, solicito:

Primeiro.- Modificar o convenio interadministrativo asinado entre a Fundación Terreo e a Excma. Depu-tación de Lugo, co seguinte desglose económico das achegas por parte da Excma. Deputación de Lugo: ano 2024 Gasto corrente 500,00 euros (sen IVE) Inversión 40.000,00 euros (sen IVE) ano 2025 Gasto corrente 59.000,00 euros (sen IVE) inversión 10.500,00 euros (sen IVE).

Segundo.- Modificar a achega económica comprometida por esta entidade para o ano 2024, quedando do seguinte xeito:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | | ACHEGA DA FUNDACIÓN | |
|---|---|---|---|
| ANO 2024:<br>Liña 1: 500,00 €<br>Liña 2: 40.000,00 € | ANO 2025:<br>Liña1: 59.000,00€<br>Liña 2: 10.500,00 € | ANO 2024:<br>Liña 1: 0,00 €<br>Liña 2: 0,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 5.923,72 €<br>Liña 2: 0,00 € |
| TOTAL: 110.000,00 € | | TOTAL: 5.923,72 € | |
| TOTAL (SEN IVE): 115.923,72 € | | | |

Terceiro.- Ampliación do prazo de execución da anualidade 2024 (Liña 2) dende o 01/01/2024 ata o 30/06/2025, e para a anualidade 2025 (Liña 2) dende o 01/07/2025 ata o 31/12/2025.”.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente modificación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira, terceira e cuarta que quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula Primeira.- Obxecto.
“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA E PROMOCIÓN DO EMPREGO NO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN AFECTADO POLO DESPOBOAMENTO A TRAVÉS DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA GASOLINEIRA. ANOS 2024 E 2025 | ANO 2024<br>(IVE EXCLUÍDO) |
|---|---|
| Liña 1: Gasto Corrente<br>Aluguer das instalacións | 500,00 € |
| Liña 2: Inversión<br>Adaptación das instalacións á normativa (obras nas instalacións) | 40.000,00 € |
| CUSTE TOTAL DA ANUALIDADE 2024 (IVE EXCLUÍDO) | 40.500,00 € |

| Actuación REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA E PROMOCIÓN DO EMPREGO NO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN AFECTADO POLO DESPOBOAMENTO A TRAVÉS DA POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA GASOLINEIRA. ANOS 2024 E 2025 | ANO 2025<br>(IVE EXCLUÍDO) |
|---|---|
| Liña 1: Gasto Corrente<br>Inspeccións regulamentarias (OCA)<br>Subministro de combustibles<br>Contratación a xornada completa de persoal para atención das instalacións<br>Aluguer das instalacións | 64.923,72€ |
| Liña 2: Inversión<br>Adaptación das instalacións á normativa (obras nas instalacións) | 10.500,00 € |
| CUSTE TOTAL DA ANUALIDADE 2025 (IVE EXCLUÍDO) | 75.423,72€ |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | | ACHEGA DA FUNDACIÓN | |
|---|---|---|---|
| ANO 2024:<br>Liña 1: 500,00 €<br>Liña 2: 40.000,00 € | ANO 2025:<br>Liña1: 59.000,00€<br>Liña 2: 10.500,00 € | ANO 2024:<br>Liña 1: 0,00 €<br>Liña 2: 0,00 € | ANO 2025:<br>Liña 1: 5.923,72 €<br>Liña 2: 0,00 € |
| TOTAL: 110.000,00 € | | TOTAL: 5.923,72 € | |
| TOTAL (SEN IVE): 115.923,72 € | | | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas entidades comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida."

Na cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
"4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
Non obstante as baixas na Liña 2 poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. A Fundación TerrEo
En cumprimento do presente convenio de cooperación, a Fundación TerrEo, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5. O prazo de execución das actuacións da Liña 1 obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de decembro de 2024 para as actuacións do ano 2024 e dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 31 de decembro de 2025 para as actuacións do ano 2025.
6. O prazo de execución das actuacións da Liña 2 obxecto deste convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de xuño de 2025 para as actuacións da anualidade do 2024 e dende o 1 de xullo de 2025 ata o 31 de decembro de 2025 para as actuación da anualidade do 2025.

7. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
8. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
9. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
10. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
11. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
12. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
13. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
14. Destinar o ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos) ao fin común do convenio."

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.
"A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 40.500,00€ con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 (40.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para gastos da Liña 2 e 500,00 na aplicación orzamentaria 4330.48911 para gastos da Liña 1) para financiar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2024.
A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2025 o importe de 69.500,00 € (10.500,00 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para gastos da Liña 2 e 59.000,00 € na aplicación orzamentaria 4330.48911 para gastos da Liña 1) para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2025, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
2.-Achega da Fundación Terreo:
A Fundación TerrEo efectuará unha achega de 5.923,72 € ( para gasto corrente -Liña 1- 5.923,72 € na anualidade do 2025 ) e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será da Fundación TerrEo que, segundo informe da Secretaria da Fundación "os ingresos obtidos da actuación revertirán nos gastos de funcionamento do propio proxecto, así como noutros gastos que poidan xurdir para dar cumprimento aos fins establecidos nos Estatutos desta Fundación".
C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende a Fundación TerrEo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca:

Ata o 31 de marzo de 2025, para xustificar os gastos da Liña 1 da anualidade do 2024, e ata o 31 de marzo de 2026 para xustificar os gastos da liña 1 da anualidade do 2025.

Ata o 30 de agosto de 2025, para xustificar os gastos da Liña 2 da anualidade do 2024, e ata o 31 de marzo de 2026 para xustificar os gastos da liña 2 da anualidade do 2025.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á Fundación a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Admitirase a xustificación por Liñas sempre que todos os gastos incluídos dentro de cada unha delas estean completamente executados e pagados.

As contas xustificativas a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor da Fundación TerreEo na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación (da Liña 2 a presentar coa conta xustificativa da anualidade do 2024).

Contrato de aluguer para a Liña 1.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle

necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas. (a presentar coa conta xustificativa da anualidade do 2025).
Declaración responsable emitida polo representante da Fundación TerrEo o na que se recolla:
1. Que a Fundación asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que a Fundación non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que a Fundación se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que a Fundación non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 31 de outubro de 2024, esta addenda de modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente modificación do que como secretario que dou fe."

**2º.-** Aprobar o gasto anticipado por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do orzamento do ano 2025, **-**inicialmente aprobado por acordo plenario de data 26 de novembro de 2024**-** para financiar os gastos derivados da Liña 1 da anualidade do 2025 do convenio, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*4º.- Proposta relativa á concesión da subvención directa de carácter excepcional a favor da Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos*


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 78/201 |

*derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos turistíco-patrimoniais da Ribeira Sacra" na anualidade 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos Turistíco-Patrimoniais da Ribeira Sacra", polo importe de 43.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 21.500,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2024, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
4. Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.
5. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 3.1 – Turismo, pertencente á Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de promover a imaxe turística da provincia de cara ao exterior, entendendo que a iniciativa privada poderá colaborar na súa promoción turística.

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2024 da Liña 3.1 – Turismo, da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o de favorecer a imaxe turística da provincia de Lugo, mediante a posta en valor, promoción e difusión, daqueles elementos materiais ou inmateriais, que a configuran como destino turístico único a nivel mundial. É dicir, promocionar a provincia de Lugo, como un paquete turístico amplo, que abarca diferentes vertentes do turismo.

Neste caso, trátase de dar a coñecer e promocionar a comarca da Ribeira Sacra Lucense, utilizando para elo unha entidade e un lugar, considerado referente e destino turístico por excelencia, de forma que o mesmo actúe de escaparate da comarca, nos seus diferentes aspectos (culturais, paisaxísticos, arquitectónicos, históricos, etc.), contribuíndo ademais a que o territorio da Ribeira Sacra acade a ansiada declaración Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Así, a actuación obxecto de subvención contribúe ao logro do obxectivo específico de "Promoción do turismo nas súas vertentes de: turismo rural, turismo activo, enoturismo, ecoturismo, turismo da auga, fluvial e termalismo, turismo cultural, turismo de natureza, turismo enogastronómico, turismo científico, turismo etnográfico, turismo náutico-deportivo, turismo deportivo, turismo agro-alimentario e mariñeiro, turismo científico sostible, entre outras variantes. Neste sentido, coa actuación obxecto de subvención, dáse a coñecer e promociónase a zona da Ribeira Sacra Lucense, fomentándose o turismo nesta zona, nas súas distintas vertentes, e polo tanto, tamén a nivel provincial, polo que, o outorgamento da subvención para a mesma, considérase necesario e adecuado para acadar tal obxectivo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 43.000,00€, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos Turistíco-Patrimoniais da Ribeira Sacra", subvención incluída na Liña 3.1 – Turismo, da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2024 para esta liña (Anexo I).

**2º.-**Aprobar o gasto de 43.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos Turistíco-Patrimoniais da Ribeira Sacra".

**3º.-** Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, que se relaciona a continuación:

"*Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no*

*financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos turistíco-patrimoniais da Ribeira Sacra" na anualidade 2024.*

*Interveñen*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don José Antonio Quiroga Díaz con DNI ***5214**, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, en adiante beneficiaria, con NIF G27224245 e con sede social en Lugar de Arxeriz, parroquia de San Lourenzo de Fión - O Saviñao (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

*Manifestan.*

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado pola Xunta de Goberno o 20 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2024 do vixente ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024, aprobado por ese mesmo órgano o 12 de xaneiro de 2024, prevese na Liña 3.1 – Turismo, da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para promover a imaxe turística da provincia de cara ao exterior, entendendo que a iniciativa privada poderá colaborar na súa promoción turística.
Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico de "Promoción do turismo nas súas vertentes de: turismo rural, turismo activo, enoturismo, ecoturismo, turismo da auga, fluvial e termalismo, turismo cultural, turismo de natureza, turismo enogastronómico, turismo científico, turismo etnográfico, turismo náutico-deportivo, turismo deportivo, turismo agro-alimentario e mariñeiro, turismo científico sostible, entre outras variantes. Neste sentido, coa actuación obxecto de subvención, dáse a coñecer e promociónase a zona da Ribeira Sacra Lucense, fomentándose o turismo nesta zona, nas súas distintas vertentes, e polo tanto, tamén a nivel provincial, polo que, o outorgamento da subvención para a mesma, considérase necesario e adecuado para acadar tal obxectivo.

Segundo.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de 2024, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 43.000,00€, a favor da beneficiaria, Fundación Xosé Soto de Fión co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos Turistíco-Patrimoniais da Ribeira Sacra", na anualidade do 2024.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4320.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 43.000,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto.- A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Proxecto dos recursos Turistíco-Patrimoniais da Ribeira Sacra", na anualidade 2024. Esta actuación consiste na adecuación de dúas salas da planta baixa da denominada Casa dos Escudos do Pazo de Arxeriz, na parroquia de Fión (O Saviñao), e posterior instalación nas mesmas do equipamento indicado no proxecto-memoria achegado coa solicitude, para unificar nun mesmo espazo toda a información necesaria e relevante relacionada coa Ribeira Sacra (recursos turístico-patrimoniais e ambientais, lugares de interese, etc.).

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 46.948,00€.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.
Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 43.000,00€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.
Da Beneficiaria:
Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.
Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.
Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.

2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.

4) Que estean vinculadas coa beneficiaria.

5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:

a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.

b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 84/201 |

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.
| SUBDOT-2024/010 | ASOC. MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI | COMPRA VIDEOPROXECTOR E PANTALLA | G27288703 | CASTRO DE REI | 3.289,99 € | 54,70 |
| SUBDOT-2024/005 | AA.VV. COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DA MILAGROSA | EQUIPAMENTO LOCAL SOCIAL | G27159110 | LUGO | 4.681,47 € | 54,60 |
| SUBDOT-2024/157 | ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA | MELLORAS LOCAL SOCIOCULTURAL E ADQUISICIÓN MOBILIARIO | G27347632 | VILALBA | 5.000,00 € | 54,50 |
| SUBDOT-2024/026 | AA.VV. AS VICTORIAS | ACONDICIONAMENTO E RENOVACIÓN ALUMEADO ABANDOADO CAMPO DA ASOCIACIÓN "CAMPO DA FESTA" | G27230119 | PANTÓN | 3.688,28 € | 54,39 |
| SUBDOT-2024/029 | AA.VV. DE MARGARIDE | MELLORAS EDIFICIO ANEXO LOCAL SOCIAL | G27367440 | QUIROGA | 6.000,00 € | 54,35 |
| SUBDOT-2024/059 | ASOCIACIÓN SAN MATEO MEIROI | ACTUACIÓN NA CUBERTA DO LOCAL SOCIAL DE MEIROI-SAN FIZ | G27491901 | RIBEIRA DE PIQUIN | 6.000,00 € | 54,30 |
| SUBDOT-2024/115 | CMMC DE VILAÑÁN | OBRAS DE MELLORA DOS CAMIÑO DO MVMC DE VILAÑAN | V44749604 | QUIROGA | 6.000,00 € | 54,25 |
| SUBDOT-2024/001 | AA.VV. MARÍA CASTAÑA | ANEXO LOCAL SOCIAL (PEQUENO HABITÁCULO E EQUIPAMENTO, COLUMPIOS Y TOBOGAN) | G27127067 | POBRA DE BROLLON | 5.700,00 € | 54,20 |
| SUBDOT-2024/130 | SOFOR STA. JULIANA, S.L. | MELLORA DA ACCESIBILIDADE CARA A PREVENCIÓN INCENDIOS NA SOFOR STA. JULIANA | B27468974 | FONSAGRADA, A | 5.685,00 € | 54,15 |
| SUBDOT-2024/009 | ASOC. CULT. Y VECINAL AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO | EQUIPAMENTO LOCAL SOCIAL | G27020981 | COSPEITO | 2.592,54 € | 54,10 |
| SUBDOT-2024/152 | MVMC DE MEDA | CONSTRUCIÓN PAREDE PERIMETRAL MANPOSTERÍA DE PEDRA - CAMPO DA FESTA | V27127836 | CASTROVERDE | 6.000,00 € | 54,05 |
| SUBDOT-2024/126 | MVMC DE BIDUEIRA, TOMBEAL, TRABAZAS, RIBADO E VALÍN | MELLORA ACCESIBILIDADE LUGAR DE VILACHÁ | V27255884 | BARALLA | 6.000,00 € | 54,00 |
| SUBDOT-2024/034 | AA.VV. DE SAN LORENZO DA MUXUEIRA | DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA CENTRO SOCIAL DE MUXUEIRA | G16795270 | RIOTORTO | 5.626,58 € | 53,90 |
| SUBDOT-2024/060 | MVMC EIRAS Y REBOREDO | MELLORAS DE ACCESOS COMUNAIS AO MVMC DE EIRAS E REBOREDO | V27164847 | QUIROGA | 6.000,00 € | 53,88 |
| SUBDOT-2024/090 | CMVMC DE ZOO | MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE PISTAS NO MVMC DE ZOO | V27211234 | SAMOS | 5.985,00 € | 53,85 |
| SUBDOT-2024/038 | AA.VV. NARAXA | CONSTRUCCIÓN CASETA PARA ALBERGAR DEPÓSITOS DE AUGA | G10925006 | FONSAGRADA, A | 6.000,00 € | 53,82 |
| SUBDOT-2024/004 | AA.VV. DE MOUCIDE | COLOCACIÓN FAROLAS SOLARES EN ÁREA RECREATIVA DA ESCOLA DE MOUCIDE | G27109248 | O VALADOURO | 2.541,32 € | 53,62 |
| SUBDOT-2024/112 | AA.VV. LUME NOVO | PINTURA LOCAL SOCIAL | G27445485 | PASTORIZA, A | 3.946,01 € | 53,44 |
| SUBDOT-2024/138 | AA.VV. DA FONTANEIRA | MELLORA DO CEMITERIO DA FONTANEIRA | G72914252 | BALEIRA | 5.800,00 € | 53,22 |
| SUBDOT-2024/092 | AA.VV. DE BULSO | REPARACIÓN CUBERTA LOCAL SOCIAL | G16354094 | SOBER | 6.000,00 € | 53,17 |
| SUBDOT-2024/078 | ASOCIACIÓN VECIÑAL IRMANDADE NAVIEGA | COMPLETAR EQUIPO SON | G27516137 | NAVIA DE SUARNA | 1.000,00 € | 53,15 |
| SUBDOT-2024/014 | ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS DEL CHAO | EQUIPAMIENTO PARA CENTRO SOCIAL DE CHAO DE POUSADOIRO (11 BANCOS) | G27189349 | RIBEIRA DE PIQUÍN | 1.643,78 € | 53,10 |
| SUBDOT-2024/028 | AA.VV. DE STA. CRISTINA DE SAN ROMAN DE LUGO | ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO | G27517895 | LUGO | 5.632,55 € | 53,08 |
| SUBDOT-2024/079 | ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN FELIPE DE BALGOS. CERVANTES | MELLORA E ADECUACIÓN DO CAMIÑO VECIÑAL DE BALGOS | G27487099 | CERVANTES | 6.000,00 € | 53,05 |
| SUBDOT-2024/022 | AA.VV. E CULTURAL DE SAN MAMED DE LOS ANGELES | EQUIPAMIENTO Y MOBILIARIO LOCAL SOCIAL | G27196641 | LUGO | 5.701,23 € | 53,00 |
| SUBDOT-2024/002 | AA.VV. HOMBREIRO RIO MIÑO | EQUIPAMIENTO LOCAL SOCIAL (MENAJE, DOS ORDENADORES E IMPRESORA) | G27340082 | LUGO | 5.960,68 € | 52,95 |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 128/201 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SUBDOT-2024/019 | AA.VV. DE AS CABALLEIRAS DE BOSENDE PAREDES E ANGUIEIRO | EQUIPAMENTO LOCAL SOCIAL | G27254804 | LUGO | 2.412,05 € | 52,90 |
| SUBDOT-2024/125 | AGRUPACIÓN VECIÑOS DE MURIAS<br>ALBERTO DÍAZ PORTELA (REPRESENTANTE)<br>ANGEL GARCIA PÉREZ<br>AUREA FERNANDEZ ARIAS | MELLORA DO CAMIÑO DOS RECONCOS NO LG DE MURIAS | 33303886R<br>14554551J<br>33837649A | BALEIRA | 5.697,97 € | 52,89 |
| SUBDOT-2024/072 | AA.VV. DE SAN REMIGIO DE BAZAR | INSTALACIÓN CALEFACCIÓN PELETS LOCAL SOCIAL | G27395987 | LUGO | 2.300,00 € | 52,71 |
| SUBDOT-2024/055 | AGRUPACIÓN DE VECIÑOS DE VILOIDE<br>LUIS RODRÍGUEZ FERREIRO (REPRESENTANTE)<br>MARIA PILAR FENTE MONTENEGRO<br>MARIA VAZQUEZ SOENGAS | MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO | 33815939M<br>76558883W<br>33861999L | MONTERROSO | 6.000,00 € | 52,61 |
| SUBDOT-2024/136 | MVMC DE VILAXUSTE | MELLORA DE PISTAS AGROFORESTAIS DE ACCESO A DEPÓSITOS DE AUGA COMUNITARIA E PARCELAS AGRÍCOLAS | V27166982 | PORTOMARÍN | 6.000,00 € | 52,50 |
| SUBDOT-2024/144 | MVMC LICENIAS Y TOXOSO | ACONDICIONAMENTO RECINTO MULTIUSOS DA COMUNIDAD VECIÑAL DA PARROQUIA DE CORBELLE | V27214584 | VILALBA | 6.000,00 € | 52,24 |
| SUBDOT-2024/149 | ASOCIACIÓN VECIÑAL DE DONIS | MELLORA DA ANTIGA ESCOLA DE DONIS | G67978791 | CERVANTES | 5.699,44 € | 51,88 |
| SUBDOT-2024/145 | COMUNIDADE REGANTES RIO MIÑO SECTOR III TIERRALLANA SUBSECTOR MATODOSO AYUNTAMIENTO CASTRO REY Y COSPEITO-LUGO | ARREGLO ACEQUIA 1ª FASE | G27137710 | CASTRO DE REI | 6.000,00 € | 51,78 |
| SUBDOT-2024/082 | ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CABALO BRANCO | ARRANXO TELLADO LOCAL SOCIAL | G27306364 | PANTÓN | 4.011,61 € | 51,64 |
| SUBDOT-2024/065 | ASOCIACIÓN PARROQUIA DE GALEGOS | ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO CENTRO SOCIAL GALEGOS | G27493709 | RIOTORTO | 4.654,13 € | 51,05 |
| SUBDOT-2024/095 | ASOCIACIÓN A MEMORIA E NÁUFRAGA | MELLORA ACCESO ALDEA DE XULLÁN | G72993272 | BÓVEDA | 5.980,00 € | 50,50 |
| SUBDOT-2024/141 | MVMC DE VILARNOVO | ARRANXO CAMIÑO DE ACCESO AO MVMC DE VILARNOVO | V27255934 | CERVANTES | 5.697,34 € | 50,00 |
| SUBDOT-2024/047 | MVMC DE MONTESEIRO | MELLORA ENVOLVENTE TÉRMICO DO LOCAL SOCIAL (VENTÁS) | V27134147 | FONSAGRADA, A | 4.946,96 € | 49,92 |
| SUBDOT-2024/146 | AA.VV. CULTURAL E DEPORTIVA SAN VICENTE DE PÍAS RÍO DE MARCOS | MELLORA LAVADOIRO PÚBLICO | G27303585 | LUGO | 5.747,50 € | 49,83 |
| SUBDOT-2024/030 | MVMC DE TRASCASTRO | ACONDICIONAMENTO ANTIGA ESCOLA TRASCASTRO DE LÓUZARA | V27233691 | SAMOS | 6.000,00 € | 49,65 |
| SUBDOT-2024/057 | COMUNIDAD DE USUARIOS DE AUGA DE LLADAIRO | MELLORA INFRAESTRUCTURA TRAIDA DE AUGA FONTE DA VALIÑA FORCADA | G01844968 | FONSAGRADA, A | 6.000,00 € | 48,75 |
| SUBDOT-2024/068 | ASOCIACIÓN VECINAL, CULTURAL DEPORTIVA SAN VICENTE DE PENA | PINTURA LOCAL SOCIAL | G27485804 | BEGONTE | 5.448,63 € | 47,83 |
| SUBDOT-2024/139 | AGRUPACIÓN DE VECIÑOS DE SERRA<br>MARCOS ALVAREZ ALVAREZ (REPRESENTANTE)<br>VICTOR MANUEL MENDEZ FERNANDEZ<br>FRANCISCO JAVIER FERNANDEZ FERNANDEZ | CUBRICIÓN DE DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE | 33548850S<br>33333163E<br>33321260X | FONSAGRADA, A | 6.000,00 € | 46,00 |
| SUBDOT-2024/041 | CMVMC ARTOJOS Y PEDRIZAS | INSTALACIÓN NOVA MANGA DE MANEXO NO MVMC | V27041037 | ABADÍN | 5.700,00 € | 32,00 |

**3.-** Solicitudes desistidas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios" para o ano 2024, por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

| Nº EXPEDIENTE | TITULAR | CONCELLO | MOTIVO |
|---|---|---|---|
| SUBDOT-2024/099 | AA.VV. DE RIBEIRAS DE MIÑO | PANTÓN | NON CONTESTOU O REQUIRIMENTO |
| SUBDOT-2024/162 | AGRUPACIÓN DE VECIÑOS DE SAN MAMEDE DE CASTRO:<br>DANIEL ARIAS LÓPEZ | PARADELA | NON SUBSANOU AXEITADAMENTE O REQUIRIMENTO |

**4.-** Solicitudes desestimadas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios" para o ano 2024, por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

| Nº EXPEDIENTE | TITULAR | CONCELLO | MOTIVO |
|---|---|---|---|
| SUBDOT-2024/164 | MONTE VECINAL MANO COMUN PQ. DE REBORDAOS | O SAVIÑAO | FÓRA DE PRAZO. 2024RT008076 23/04/2024 11:34:12 |
| SUBDOT-2024/165 | AA.VV. DO CADRAMON | O VALADOURO | SOLICITUDE CON IMPRESOS NON NORMALIZADOS |

| Nº EXPEDIENTE | TITULAR | CONCELLO | MOTIVO |
|---|---|---|---|
| SUBDOT-2024/137 | AGRUPACIÓN VECIÑOS DE PADERNE<br>JOSÉ ENRIQUE DÍAZ COLMENARES (REPRESENTANTE)<br>JOSE LUIS FERNANDEZ LOPEZ<br>BERNARDINO AMIGO SANTÍN | CERVANTES | NON PODER OBTER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO |
| SUBDOT-2024/142 | AGRUPACIÓN DE VECIÑOS DE VILLAPÚN VICTORINO MENDEZ DIGÓN (REPRESENTANTE)<br>MANUEL FERNANDEZ ALVAREZ<br>CARLOS LOPEZ TRABADO | CERVANTES | NON PODER OBTER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO |
| SUBDOT-2024/077 | AGRUPACIÓN DE VECIÑOS DE TORÉS<br>HILARIO NUÑEZ SOTO (REPRESENTANTE)<br>LICINIO ARMESTO NOVO<br>MIGUEL PEREIRA GUTIERREZ | NOGAIS, AS | NON PODER OBTER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO |
| SUBDOT-2024/159 | AA.VV. DE PEREIRA CERVANTES | CERVANTES | NON PODER OBTER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DAS RECLAMACIÓNS DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíronse dúas solicitudes para o cambio de titularidade de varias fincas afectadas por expedientes expropiatorios.

Unha vez examinados os expedientes e a documentación achegada, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Rectificar a titularidade da finca 2 do expediente expropiatorio da obra 5/1986 C.A.E. Ancares e 10/1986 Fonsagrada C.L. Cerezal-Lousas-Asturias en Becerreá do seguinte xeito:

| Finca | Titularidade anterior | Nova titularidade |
|---|---|---|
| 2 | Antonio Roda Fontela e irmáns | Antonio Álvaro Roda García e María Carmen Fernández Fernández |

**2º.-** Rectificar a titularidade das fincas 29b e 29c do expediente expropiatorio da obra A Pastoriza.- Pastoriza-A Guarda, P.K. 0,000-3,450 do seguinte xeito:

| Finca | Titularidade anterior | Nova titularidade |
|---|---|---|
| 29b | Herdeiros de Cándido López Otero | Félix Galocha López e Antón Galocha López |
| 29c | Herdeiros de Cándido López Otero | Félix Galocha López e Antón Galocha López |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE DO ENCARGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE MELLORA DA SEGURIDADE, REORGANIZACIÓN DE EXISTENCIAS E XESTIÓN DE RESIDUOS NA NAVE E PARCELA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN BEGONTE.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"A Deputación Provincial de Lugo dispón dunha parcela con naves, no Concello de Begonte, na área industrial de Begonte-Carral, moi próximo ao límite municipal con Rábade.

Esta Institución Provincial ven de efectuar uns traballos cuxo obxectivo consistían na realización dun inventario dos bens existentes nas devanditas naves e a súa contorna e na valorización dos mesmos para catalogar cales dos elementos alí existentes poderían catalogarse como residuos ou como elementos que puideran ter un valor diferente a categoría de residuos para se procede realizar o seu alleamento.

Tralos devanditos traballos xurde a necesidade de proceder a reorganizar os elementos existentes tanto no exterior da parcela, como no interior das naves co obxectivo de garantir a seguridade das persoas que visiten ou empreguen esa nave e por outra banda dar o correcto tratamento aos elementos alí existentes, considerando a natureza de cada elemento, ben sexa un ben que poida ser aproveitable, ou obxecto


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 130/201 |

de alleamento ou ben se é considerado residuo proceder ao seu tratamento acorde á normativa vixente nesta materia.

Ante a situación exposta, e a carga de traballo excepcional que supón para a Deputación, cabe servirse das empresas do grupo TRAGSA, como medio propio, xa que conta cunha ampla e acreditada experiencia na execución, revisión e mantemento de inventario de bens mobles, inmobles e intanxibles para gran variedade de administracións.

Por mor do anteriormente exposto e co obxectivo de poder desenvolver os traballos recollidos na memoria que rexerán Encargo para a realización dos traballos de mellora da seguridade, reorganización de existencias e xestión de residuos na nave e parcela da deputación provincial de lugo en Begonte, exponse que:

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Que a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante)e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

Notar que TRAGSA, é medio propio da Deputación de Lugo, dende a formalización o 17.12.2019 da compra dunha acción da citada entidade.

As relación de TRAGSA e a sua filial TRAGSATEC, con poderes adxudicadores dós que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulandóse a través de encargos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno , dependente e subordinado.

No punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 131/201 |

ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

En consecuencia, dende o Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo considerase imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen na memoria adxunta a esta proposta de Acordo.

En relación ao gasto que suporán este encargo establecer que importe total do encargo a TRAGSA ascende a 70.665,37 € con cargo as aplicacións orzamentarias correspondentes do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Visto que no expediente de referencia consta a seguinte documentación:

Orzamento do encargo a TRAGSA para a execución dos traballos de mellora da seguridade, reorganización de existencias e xestión de residuos na nave e parcela da Deputación provincial de Lugo en Begonte.

Certificado emitido por TRAGSA relativo a suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excedera do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 20%.

Certificado de consignación orzamentaria emitido pola Intervención da Deputación de Lugo.

Memoria técnica que rexera o encargo da execución dos traballos de mellora da seguridade, reorganización de existencias e xestión de residuos na nave e parcela da Deputación Provincial de Lugo en Begonte, elaborada polo Servizo de Medio Ambiente.

Esta proposta de gasto financiarase con cargo a anualidade 2024, figurado crédito dispoñible suficiente no orzamento deste ano nas aplicacións orzamentarias sinaladas.

Por todo o exposto anteriormente e analizando a documentación técnica elaborada polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, proponse, a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o encargo da execución dos traballos de de mellora da seguridade, reorganización de existencias e xestión de residuos na nave e parcela da Deputación Provincial de Lugo en Begonte, que tera un prazó de execución de 4 meses.

**2º.-** Aprobar o gasto do Encargo por importe de setenta mil seiscentos sesenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (70.665,37 €).


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 132/201 |

**3º.-** Ordenar a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO A TRAGSA PARA A REALIZACIÓN DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DA REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA NO MUNICIPIO DE BARREIROS”, AO OBXECTO DE MELLORAR OS SERVIZOS PÚBLICOS NO RURAL.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade,do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural.

En relación coa providencia da deputada provincial, dona Iria Castro Fernández, por delegación do deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 16 de decembro de 2024, pola que solicitou o inicio do procedemento de encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural, nun prazo máximo de nove meses a contar dende a data da acta de comprobación do reformulo, dende aquela Área emitiuse informe, o 17 de decembro de 2024, do seguinte teor:

“*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- Dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 18 de outubro de 2024 (RE nº: 2024RT017897), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, de “Actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, engadindo documentación complementaria os días 6 e 20 de novembro de 2024 (RE nº: 2024RT019207 e 2024RT020177).
Xa en fase de tramitación da solicitude, a representante do Concello de Barreiros presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 4 de decembro de 2024 (RE nº: 2024RT021125), reformulación da súa solicitude, por axustes nos proxectos que a acompañaban a aquela.

Segundo.- Instruído o correspondente procedemento, a Xunta de Goberno acordou aprobar, o 13 de decembro de 2024, o texto do convenio interadministrativo a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros, para a realización conxunta de "actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; e do gasto, por importe de 254.376,26, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.
Dito convenio asinouse polas partes o 13 de decembro de 2024, derivando del o compromiso da Deputación de Lugo de executar as actuacións que constitúen o seu obxecto.

Terceiro.- A deputada provincial, dona Iria Castro Fernández, por delegación do deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, ditou Providencia, o 16 de decembro de 2024, solicitando o inicio do procedemento de encargo ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de "actualizacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros", ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural, nun prazo máximo de nove meses a contar dende a data da acta de comprobación do reformulo.

A estes antecedentes sonlles de aplicación os seguintes

*Fundamentos de dereito.*

*I. Normativa aplicable.*
Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspasan ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).
Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico la Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC).

*II. Os encargos a medios propios personificados e servizos técnicos, en xeral.*
Consonte ao artigo 31 da LCSP, relativo á potestade de auto organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal:
"1. As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si de algunha das seguintes formas, sen que o resultado desta cooperación poida cualificarse de contractual:
a) Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adxudicadores (...), no exercicio da súa potestade de auto organización, mediante o oportuno acordo de encargo.
(...)."


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 134/201 |

Os citados encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados e servizos técnicos regúlanse no artigo 32 do mesmo texto legal. Segundo o apartado primeiro do dito artigo:
"Os poderes adxudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose de outra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, sempre e cando a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles de conformidade co disposto nos tres apartados seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
O encargo que cumpra ditos requisitos non terá a consideración de contrato."
Polo tanto, os poderes adxudicadores (condición que ostenta a Deputación Provincial de Lugo ex artigo 3.3.a) da LCSP) poden encargar de forma directa, a entidades que teñan atribuída a condición de medio propio personificado dos mesmos, a realización de determinadas prestacións, sen que ao acto ou negocio xurídico en virtude do cal se realiza tal encargo lle sexan de aplicación as normas que regulan a contratación do sector público, aínda cando as prestacións que son o seu obxecto sexan as propias dos contratos administrativos.
Sendo isto así, para que dita excepción sexa aplicable é necesario que os entes, organismos ou entidades de dereito público ou privado aos que se encargue a execución da actuación de que se trate teñan atribuída a condición de medio propio personificado do ente que fai o encargo.
A cualificación xurídica de medio propio personificado está regulada, con carácter xeral, nos apartados 2, 3 e 4 do citado artigo 32 da LCSP e, ademais, no artigo 86 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no que aos medios propios do ámbito estatal se refire).

*III. Os encargos ao medio propio personificado e servizo técnico "Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P." (TRAGSA) e á súa filial "Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P." (TRAGSATEC).*
Con todo, no caso que nos ocupa, o réxime xurídico de TRAGSA (que inclúe a regulación da cualificación de medio propio personificado da mesma con respecto ás Deputacións Provinciais) atópase na disposición adicional vixésima cuarta da LCSP, desenvolvida a través do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) – no sucesivo, RD TRAGSA-.
O artigo 2 do dito Real Decreto sinala nos seus apartados 1 e 2 que:
"1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, TRAGSA e TRAGSATEC terán a consideración de medio propio personificado e servizo técnico (...) das deputacións provinciais (...), sempre que se

cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d) 2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo.
2. As listadas administracións públicas deberán participar no capital social de TRAGSA mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda a iniciativa do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (...).”
No que aos requisitos do apartado 1, recentemente transcrito se refire, consonte ao artigo 32.2.d).2º da LCSP:
“2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto de unha única entidade concreta do sector público aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:
(...).
2º Verificación pola entidade pública de que dependa o ente que vaia a ser medio propio, de que conta con medios persoais e materiais apropiados para a realización dos encargos de conformidade co seu obxecto social.”
No expediente no que se integra este informe, consta certificado emitido por D. Manuel Escariz Viña, actuando en nome e representación de TRAGSA, no que se pon de manifesto que para a execución do encargo para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural, a empresa dispón de estrutura e medios suficientes para responsabilizarse da organización e xestión dos traballos que desenvolva, así como da súa calidade técnica, de acordo ao artigo 49 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral do sector público autonómico de Galicia, e ao artigo 32 da LCSP.
Así mesmo, certifícase no dito documento que, de acordo co artigo 32.7.b) da LCSP, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50 % da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este dun 35 %.
Polo tanto, estimo cumprido o primeiro requisito dos establecidos no apartado 1 do antes citado artigo 2 do RD TRAGSA.
En canto aos seguintes requisitos alí dispostos, consonte ás letras a) e b) do apartado 4 do artigo 32 da LCSP:
“Terán a consideración de medio propio personificado respecto de dous ou máis poderes adxudicadores que sexan independentes entre si aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos que se establecen a continuación:
a) Que os poderes adxudicadores que poidan conferirlle encargo exerzan sobre o ente destinatario do mesmo un control conxunto análogo ao que ostentarían sobre os seus propios servizos ou unidades.
(...).
b) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos cometidos que lle foran confiados polos poderes adxudicadores que o controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polo mesmos poderes adxudicadores. (...).
(...).”

Ao efecto de considerar cumpridos estes requisitos, adquire relevancia o informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 9 de maio de 2019 (expediente 15/17), no que, partindo da normativa vixente e da relevante xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se abordan con carácter xeral un bo número das cuestións que formulan o seu cumprimento.

Entre as cuestións alí tratadas está a referente ao cumprimento do requisito do control análogo conxunto, aspecto sobre o cal sinálase que resulta imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto derivado da necesidade de asegurar a efectividade deste control (apartado 3 do citado informe), con referencia á Sentenza do TJUE Econord, apartado 33, e aos previos informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6) da mesma Xunta Consultiva.

Aplicando o argumento á cuestión obxecto deste informe, para que cada unha das Administracións Públicas mencionadas na Disposición Adicional 24ª da LCSP (entre elas, as deputacións provinciais) poida utilizar a TRAGSA como medio propio personificado, realizando os correspondentes encargos, ten que participar no seu capital social.

Así, segundo se recoñece no dito informe:

"(...) Sendo requisito imprescindible que cada Administración Pública participe no capital social do medio propio conxunto (Sentenza Econord, apartado 33, e Informes 2/12, apartado 7, e 24/12, apartado 6, desta Xunta Consultiva), non cabe considerar en abstracto a esixencia de un porcentaxe de capital mínimo para cada un dos entes que controlan o medio propio. Nin a Directiva nin a LCSP conteñen previsión algunha ao respecto (...).

Isto implica que é posible que unha entidade que ten unha participación moi pequena poida, non obstante, conferir encargos obrigatorios no seo deste control conxunto (...)."

En definitiva, respecto á consideración de TRAGSA como medio propio da Deputación de Lugo, como consecuencia da adquisición por esta dunha acción de aquela, cabe concluír que "a consideración de medio propio de unha entidade depende en boa medida da finalidade coa que se integra no capital de unha entidade que é medio propio, así como das circunstancias de exercicio dos dereitos que confiren as participacións no capital do medio propio, e non tanto da porcentaxe de participación."

Por outra banda, a análise do cumprimento do requisito do exercicio da parte esencial da actividade de TRAGSA para os poderes adxudicadores que a controlan, cuantificado nun 80 %, deberá realizarse computando os encargos que lle foran confiados por eles ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos, non por cada un deles de forma illada ou independente.

Para o cumprimento íntegro destes requisitos, a Presidencia da Deputación de Lugo resolveu, o 13 de decembro de 2019, aprobar a "adquisición pola Deputación de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA), de forma que esta pasaría a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación", e dispúxose que o referido contrato se adxudicase mediante procedemento de adxudicación directa á Dirección Xeral de Patrimonio do

Estado, tendo en conta as peculiaridades da necesidade a satisfacer e a especial idoneidade do ben; escriturándose a compra da citada acción o 17 de decembro de 2019, ante a Notaria de Madrid, dona María de las Mercedes Pérez Herreza.

*IV. Obxecto do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA.*

Con todo, tendo a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA) a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, cómpre ter en conta, tamén, o obxecto do encargo, na tarefa de comprobación de que este se axusta ás prescricións legais.

A estes efectos hai que traer a colación o disposto no artigo 3.1 do RD TRAGSA, segundo o cal:

"As entidades sinaladas no artigo 2.1 poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto."

Neste senso, e no que ao marco funcional de TRAGSA se refire, o encargo obxecto deste informe refírese á execución de actuacións de mellora na rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros, ao obxecto de mellorar os servizos e recursos públicos no rural.

Os municipios da provincia de Lugo son, en xeral, municipios cun carácter eminentemente rural, pois neles, incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural.

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural (no sucesivo, LDSMR), define o medio rural como "o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km2."

As comarcas da Mariña teñen cabida, polas súas características demográficas, neste concepto de medio rural, e os municipios que as integran comparten unha estrutura semellante: Posúen núcleos urbanos, onde se experimenta o maior desenvolvemento económico, e inclúen aldeas que se estenden polas parroquias circundantes, que se rodean dun ámbito máis puramente rural, cunha economía baseada na agricultura, na gandería e na pesca.

Isto acontece, entre outros, no municipio de Barreiros, podéndose dicir que o desenvolvemento económico dos seus núcleos urbanos deriva, en boa medida, da actividade agrícola, gandeira e pesqueira, pois aqueles son os destinatarios da maioría dos produtos obtidos no sector primario e a orixe das compras dos habitantes dos ámbitos máis estritamente rurais.

Por outra banda, A Mariña non escapa á dispersión poboacional presente en toda Galicia, na que existe a metade dos núcleos de poboación de todo o Estado, a meirande parte deles rurais e que ademais de aglutinar vivendas habituais, explotacións agrícolas, gandeiras e outras actividades económicas aglutina moitas vivendas secundarias que incrementan considerablemente a poboación residente nestes núcleos en épocas vacacionais e estivais.

Esta dispersión poboacional, xunto cunha orografía complexa, dificulta a execución e xestión das infraestruturas hidráulicas para a prestación dun servizo básico de abastecemento de auga de forma axeitada, que, ademais, se ven agravadas cos aumentos puntuais de habitantes en determinadas épocas do ano e, consecuentemente, de aumentos puntuais das necesidades hídricas..

Neste senso se expresa a citada LDSMR, ao establecer, no seu artigo 2, que:

"1. Son obxectivos xerais da presente Lei:

(...).

b) Manter e mellorar o nivel de poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos axeitados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, (...).

(...).

2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas que se deriven desta Lei deberán orientarse á consecución dos obxectivos seguintes:

(...).

b) Dotar ao medio rural, e en particular aos seus núcleos de poboación, das infraestruturas e os equipamentos públicos básicos necesarios, en especial en materia de transportes, enerxía, auga e telecomunicacións.

(...).

f) (...), e favorecer unha ordenación territorial e un urbanismo adaptados ás súas condicións específicas, (...)."

A este respecto, cómpre ter en conta tamén que a dita lei ten por obxecto, segundo se establece no seu artigo 1, entre outros, a determinación dos obxectivos para as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas en xeral.

E é que toda política rural debe buscar o logro dunha maior integración territorial das zonas rurais, facilitando unha relación de complementariedade entre o medio rural e o urbano, e fomentando no medio rural un desenvolvemento sostible.

A nivel europeo, estatal, autonómico e local existe normativa que lexisla sobre a importancia e transcendencia do abastecemento de auga como un servizo básico, de interese xeral, da prestación do servizo por parte dos Municipios, en cooperación coas Deputacións, así como da necesidade de proxectar, revisar e repoñer as instalacións de abastecemento:

A Directiva marco da auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas) considera, no seu punto (15) que o abastecemento de auga é un servizo de interese xeral, tal e como se define na Comunicación da Comisión "Os servizos de interese xeral en Europa".

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL), determina, na letra c) do seu artigo 25.2, que os Municipios exercerán, en todo caso, competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

A mesma LRBRL, no seu artigo 26.1, especifica que todos os Municipios deberán prestar como servizos mínimos, en todo caso, entre outros, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable; engadindo, no apartado 2, que, nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, será a Deputación provincial a que coordinará a prestación, entre outros, do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio; e, no apartado 3, que a asistencia das Deputacións aos Municipios, prevista no artigo 36, dirixirase, preferentemente, ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos.

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, estable, no seu artigo 30, que a Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente os obrigatorios, aplicando, a tal fin, entre outros, os medios económicos propios da mesma que se asignen.

A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece, no seu artigo 13, que as Administracións Públicas titulares de infraestruturas de abastecemento están obrigadas a prever e programar a revisión das súas instalacións, e a efectuala cunha periodicidade mínima quinquenal. Se destes controis resultara a necesidade ou conveniencia de repoñer ou substituír algún dos elementos da instalación, as Administracións Públicas titulares das infraestruturas deberán executar as obras oportunas para a reparación das deficiencias ou a reposición dos elementos afectados, por si mesmas ou a través das entidades públicas prestadoras dos servizos.

Isto é o que pretende o Concello de Barreiros ao proxectar a execución dos traballos necesarios para dotarse dunhas infraestruturas axeitadas ás necesidades de auga potable para os núcleos de poboación existentes no medio rural, dando solución ao problema de redes e instalacións antigas, obsoletas e deterioradas que necesitan actuacións urxentes a acometer para garantir a subministración de auga potable.

Neste senso, non podemos deixar de ter en conta que o dito municipio é destino preferente de moitos habitantes da Provincia, tanto para desfrutar de períodos de descanso, como para establecer unha segunda vivenda, todo o que deriva en considerables aumentos estacionais da súa poboación, que acrecentan, en maior medida, se cabe, os problemas e as deficiencias da rede de abastecemento de auga existente.

Por elo, o Concello de Barreiros solicitou a cooperación da Deputación Provincial de Lugo para a realización de actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no seu municipio, o que deriva no seu deber de apoiar este tipo de actuacións, como entidade local cuxos fins son, entre outros, asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

Pois ben, consonte ao apartado 4 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP:

"TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC prestarán, por encargo das entidades do sector público dos que son medios propios personificados, as seguintes funcións:

a) (...). Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos."

Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 2 dos Estatutos de TRAGSA, segundo o cal:

"(...).


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 140/201 |

Constitúe o obxecto social as actividades seguintes:
a) (...) Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, sempre e cando non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, (...).”
Parece claro, pois, que a execución das actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros está directamente relacionada coa mellora dos servizos e recursos públicos e que, ademais, as ditas actuacións non implican o exercicio de autoridade; tendo encaixe no marco funcional do medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA.
No que se refire ao exercicio das competencias propias da entidade que realiza o encargo (neste caso, a Deputación Provincial de Lugo), consonte ao disposto no artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:
“Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:
(...).
b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. (...).
(...).
d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.
(...).”
Tendo en conta as consideracións feitas nos apartados III e IV deste informe, non podemos máis que concluír que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P., (TRAGSA) ten a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo, e que o obxecto do encargo pretendido adáptase ao establecido na normativa de aplicación.
E é que, en palabras do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na súa Resolución nº 1106/2019, do 7 de outubro de 2019:
“(...).
Da lectura do antes citado artigo 86 da LRXSP (...) resulta que este habilita dúas vías ás entidades do Sector Público a efectos de obter a declaración de medio propio e servizo técnico, tal e como establece o apartado 3 do mesmo precepto.
A primeira delas, prevista no apartado 1, require cumprir “as condicións e requisitos establecidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”, cuxo incumprimento non foi alegado pola recorrente.
A segunda vía, alternativa á anterior, atópase prevista no apartado 2 e esixe que para que unha entidade do Sector Público sexa considerada medio propio acredite “dispoñer de medios suficientes e idóneos” así como ou ben constituír “unha opción máis eficiente que a contratación pública e resultar sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica”, ou ben resultar “necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico”. Estes requisitos son os que a

recorrente considera que non concorren no encargo formalizado a favor de TRAGSATEC.
Agora ben, ao contrario do que afirma a recorrente, o artigo 86 LRXSP non se refire aos requisitos de cada encargo singular a un medio propio, senón que contempla os requisitos necesarios para a creación dun medio propio. A declaración de medio propio e servizo técnico é previa á formalización dun encargo individualizado, sendo requisito "sine qua non" para esta última. (...).

*V. O medio propio personificado e servizo técnico TRAGSA nas relacións de cooperación entre Administracións Públicas ou entidades do sector público.*
Por outra banda, segundo se dispón no artigo 5 do RD TRAGSA:
"1. TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, en virtude da súa condición de medios propios personificados e servizos técnicos, poderán ser achegadas polas administracións públicas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou entidades do sector público.
2. Esta relación de cooperación instrumentarase a través dun convenio entre as entidades participantes que especificará o interese público común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións a desenvolver e a achega de cada unha das partes."
Pois ben, con carácter previo ao inicio do procedemento de encargo aquí analizado, tal e como quedou exposto no antecedente segundo deste informe, a Xunta de Goberno acordou aprobar, o 13 de decembro de 2024, o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros, para a realización conxunta de "actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros", para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; por importe total de 254.376,26 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.
Dito convenio asinouse polas partes o mesmo 13 de decembro de 2024.

*VI. Preparación e formalización do encargo.*
No ámbito do procedemento de preparación e formalización do encargo, cómpre ter en conta o establecido no artigo 10 do citado RD TRAGSA, segundo o cal:
"1. As actuacións obrigatorias que lles sexan encargadas a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC polos poderes adxudicadores estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias, pregos ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, (...).
2. Con carácter previo á formalización do encargo e a súa comunicación a TRAGSA ou TRAGSATEC, o poder adxudicador deberá ter aprobados os documentos a que se refire o apartado 1 deste artigo e realizado os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.
(...)."
No expediente do que forma parte este informe, intégranse, ademais deste: a providencia de inicio do procedemento, memoria técnica que rexerá o encargo, borrador da proposta de Acordo da Xunta de Goberno para a súa formalización, e certificación de existencia de crédito para a realización do gasto.


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 142/201 |

*VII. Lexitimidade do encargo como mellor opción que a contratación pública.*

Finalmente, indicar que a xustificación da lexitimidade do encargo ao medio propio obxecto deste informe, tal e como quedou exposta nos apartados anteriores, non é obstáculo para que, ademais, se deixe constancia das implicacións que a súa materialización ten con respecto á consideración de urxentes das actuacións que constitúen o seu obxecto.

Neste senso, cómpre salientar que a execución das actuacións obxecto do encargo reviste un carácter extremadamente urxente, xa que, tal e como expoñía a representante do Concello de Barreiros na súa solicitude de cooperación á Deputación Provincial, "se xunto coa xa delicada situación actual, na vindeira tempada de verá, se dan unhas condicións meteorolóxicas de sol e calor, atoparíamonos nunha situación similar ou peor á do verán de 2023, na que a enorme afluencia, tanto de cara ás segundas residencias, como de persoas usuarias das praias, levaron a numerosas restricións de abastecemento de auga, coa a gravidade que iso supón no caso das grandes gandarías, que precisan, como se dixo, dun fluxo de auga importante e constante para manter en condicións óptimas aos animais e instalacións que as conforman."

Elo sen deixar de ter en conta, por outra banda, que a execución das actuacións a través dun medio propio personificado, como é TRAGSA, garante a eficacia, capacidade, solvencia e prezo aprobado a modo de tarifa pública.

Todo o que se informa aos efectos da tramitación do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de "actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros ", ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural."

No expediente constan, ademais:

Memoria técnica que rexerá o encargo.

Documentos, emitidos polos técnicos municipais competentes, que expresan que a execución das actuacións proxectadas non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Actas de reformulo previo, emitidas polos técnicos municipais competentes.

Orzamento do encargo e documento de xustificación de prezos, emitidos polo representante do Grupo TRAGSA en Lugo.

Certificado, emitido por TRAGSA, relativo á suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo, e a que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 35 % da contía daquel.

Certificación, emitida pola Sección I de Orzamentos, do Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por importe de 254.376,26 €, na aplicación orzamentaria 4190.65009.

Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación do encargo a medio propio.

Informe de fiscalización do expediente, emitido polo Servizo de Fiscalización e cuxo resultado é de conformidade.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do texto do encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de "actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros ", ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural, por importe de 254.376,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a executar de acordo coas especificacións contidas na memoria técnica que figura no expediente, nun prazo máximo de nove meses a contar dende a data da acta de comprobación do reformulo e coa seguinte desagregación:
Obras nos depósitos da Folgueirosa e Merille: 83.603,65 €
Obras de substitución de tramos obsoletos de tubaxe e chaves: 147.173,54 €
Redacción de proxecto para a instalación de tubaxe directo para conexión do depósito de cabeceira co depósito da Folgueirosa: 23.599,07 €.

**2º.-** Apreciar que a realización, por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación de Lugo, das actuacións descritas no apartado anterior, deriva da urxencia que a realización das ditas actuacións require; garantindo, ademais, os principios de eficacia, capacidade e solvencia que se presumen de aquela. "

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL PLURIANUAL A FAVOR DA ENTIDADE FUNDACIÓN DE DAÑO CEREBRAL CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ACTUACIÓN "OBRAS DE REPARACIÓN, AMPLIACIÓN E REFORMA DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DANO CEREBRAL", NAS ANUALIDADES 2024, 2025, 2026 E 2027.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional plurianual a conceder á entidade Fundación de Daño Cerebral co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Obras de reparación, ampliación e reforma do centro de atención a persoas con dano cerebral", polo importe de 135.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, para elevación das porcentaxes recollidas nos artigos 174 do


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 144/201 |

R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais e 79 a 88 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril e na base nº 19 das bases de execución do Orzamento xeral vixente,
Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
Declaración responsable da entidade beneficiaria de non estar incursa en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento vixente.
Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio conformado pola Secretaría sobre o texto do Convenio.
Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.
No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación que se refire á colaboración co beneficiario para a cooperación no fomento do desenvolvemento social da provincia de Lugo. Esta finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2023-2025 vixente, na liña 4.2.C Benestar Social xestionada dende a sección de Benestar Social e Igualdade, da Área funcional de Promoción Económica e Social, desta Administración Local.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional plurianual, por importe de 135.000,00 €, a favor da entidade Fundación de Daño Cerebral para sufragar os gastos derivados da actuación "Obras de reparación, ampliación e reforma do centro de atención a persoas con dano cerebral", nas anualidades 2024, 2025, 2026 e 2027 subvención incluída na liña 4.2.C Benestar Social, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2024: 22.500,00 €
Anualidade 2025: 45.000,00 €.
Anualidade 2026: 45.000,00 €.
Anualidade 2027: 22.500,00 €.

**2º.-** Que se aprobe a excepcionalidade para proceder á elevación das porcentaxes recollidas nos artigos 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, 79 a 88 do Real Decreto 500/1990,de 20 de abril e na base nº 19 das bases de execución do Orzamento xeral vixente de acordo coa distribución do gasto nas anualidades seguintes:

Anualidade 2024: 22.500,00 €
Anualidade 2025: 45.000,00 €
Anualidade 2026: 45.000,00 €
Anualidade 2027: 22.500,00 €

**3º.-** Que se aprobe o gasto polo importe de 22.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024 a favor da entidade Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da actuación "Obras de reparación, ampliación e reforma do centro de atención a persoas con dano cerebral " na anualidade 2024.
Que o gasto na aplicación 2314.789 por importe de 45.000,00 € con cargo á anualidade do 2025 está previsto no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo Pleno de 26 de novembro de 2024.
A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2026 a cantidade de 45.000,00 €, e no orzamento da anualidade 2027 a cantidade de 22.500,00 €.

**4º.-** Aprobar o convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual que nos ocupa e que se relaciona a continuación:

"*Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación de Daño Cerebral, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obras de reparación, ampliación e reforma do Centro de atención a persoas con dano cerebral" nas anualidades 2024, 2025, 2026 e 2027.*

*Interveñen.*

Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don Luis Abelleira Mayor con DNI ***9147**, na súa condición de Presidente, actúa en nome e representación da entidade Fundación de Daño Cerebral, en adiante beneficiaria, con NIF G-27293505, e con sede social en Calle Mondoñedo nº 6 - 27004 - Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 146/201 |

*Manifestan.*

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2024 do vixente Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esta anualidade, prevese na Liña 4.2 – Benestar Social, da Área funcional de Promoción Económica e Social, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para contribuír a aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro "estado de benestar" e dos obxectivos específicos: 1. Fomentar o estado de benestar social e mellorar a calidade de vida da cidadanía, facéndose efectivo o principio de igualdade de oportunidades para todas as persoas, con especial sensibilidade respecto dos colectivos mais vulnerables: persoas maiores, cativos, persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social por razóns de discapacidade, de xénero, de pertenza a minorías, por razóns de carácter social ou sanitario; 3. Contribuír a unha maior autonomía persoal e social, mellorando o benestar físico, psicolóxico e/ou emocional, favorecendo deste xeito un maior desenvolvemento persoal, das persoas que padecen unha enfermidade mental, unha discapacidade ou presenten calquera circunstancia de carácter sociosanitario, de especial vulnerabilidade ou que requiran un tipo de atención específica., 4. Impulsar e defender os dereitos das persoas en risco de exclusión social ou de especial vulnerabilidade, ven sexa por razóns de idade, discapacidade física, psíquica ou sensorial; por razóns de xénero; por razóns de pertenza a minorías, apoiando a promoción e reinserción social das persoas e colectivos en risco de marxinalidade e exclusión social facendo efectivo o principio de igualdade de oportunidades 9. Apoiar as intervencións de atención, prevención e inserción levados a cabo dende os servizos sociais, tanto do sector público como do sector privado e 10. Impulsar e adoptar medidas para o fomento, prevención e promoción da saúde da cidadanía en xeral e dos colectivos mais vulnerables en particular.

Segundo.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de 2024, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 135.000,00 €, a favor da beneficiaria, Fundación de Daño Cerebral co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Obras de reparación, ampliación e reforma do centro de atención a persoas con dano cerebral ", nas anualidades do 2024, 2025, 2026 e 2027.
Ano 2024: 22.500,00€
Ano 2025: 45.000,00€
Ano 2026: 45.000,00€


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 147/201 |

Ano 2027: 22.500,00€

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 2314.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 22.500,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da formalización do presente convenio para a anualidade 2024.
Para a anualidade do 2025 esta previsto no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo pleno de 26 de novembro de 2024 a cantidade de 45.000,00€ para facer fronte ó financiamento dos gastos derivados do ano 2025.
A Deputación adquire o compromiso de incluír:
No orzamento do ano 2026, a cantidade de 45.000,00€ para facer fronte ó financiamento dos gastos derivados da anualidade 2026.
No orzamento do ano 2027, a cantidade de 22.500,00€ para facer fronte ó financiamento dos gastos derivados da anualidade 2027.
Tendo en conta que se trata de gastos plurianuais, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado a disponibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cuarto.- A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación “obras de reparación, ampliación e reforma do centro de atención a persoas con dano cerebral ”, nas anualidades 2024, 2025, 2026 e 2027. Esta actuación consiste en desenvolver, na parcela co referencia catastral 27010A221000410000PE, as seguintes obras no centro de atención a persoas con dano cerebral: obras de reparación exterior dos edificios e da pasarela que une dous dos edificios, obras de ampliación e reforma para dotar ao centro dunha sala para o descanso do persoal e dunha sala de visitas para os residentes; asi como os honorarios profesionais de redacción e dirección de obra, co fin de manter as instalacións nas mellores condicións para prestar un servizo de calidade e que se adapte a normativa e aos

estándares actuais e deste xeito contribuír a lograr unha maior autonomía persoal e social, mellorando o benestar físico, psicolóxico e/ou emocional das persoas que padecen un dano cerebral.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 208.498,89€ imputándose o importe de 74.210,53 € ao ano 2024, o importe de 63.235,73 € ao ano 2025, o importe de 47.368,42€ ao ano 2026 e o importe de 23.684,21 € ao ano 2027.
A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.
Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 135.000,00 € (distribuído da seguinte forma: 22.500,00 € para o ano 2024, 45.000,00 € para o ano 2025, 45.000,00 € para o ano 2026 e 22.500,00 € para o ano 2027 ) cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
Deberá incluír no orzamento do ano 2025 a cantidade de 45.000,00 €, do ano 2026 a cantidade de 45.000,00 € e para o ano 2027 a cantidade de 22.500,00 € , tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto a súa aprobación queda supeditada a dispoñibilidade orzamentaria e o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira.
O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.
Da Beneficiaria:
Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.

Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.
Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.
A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.
En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.
No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:
Que o contrato se celebre por escrito.
Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.
Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.
Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.
A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.
A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:
1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 150/201 |

xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4) Que estean vinculadas coa beneficiaria.
5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.
No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:
a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.
A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.
O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.
A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.
Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.
O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2025, para xustificar os gastos da anualidade 2024, ata o 31 de marzo de 2026, para xustificar os gastos do ano 2025, ata o 31 de marzo de 2027, para

xustificar os gastos da anualidade 2026 e para xustificar os gastos do ano 2027 ata o 30 de setembro 2027.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorridos os prazos de xustificación establecidos sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 30 de xuño do 2027.

Os gastos subvencionables da anualidade 2024 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024.

Os gastos subvencionables da anualidade 2025 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025.

Os gastos subvencionables da anualidade 2026 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Os gastos subvencionables da anualidade 2027 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2027.

Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro das anualidades correspondentes, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 152/201 |

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.
Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.
A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (unha conta xustificativa para cada unha das anualidades 2024, 2025, 2026 e 2027) (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):
Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.
No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
Anexo III. Declaración conxunta
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 153/201 |

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.
Cando se trate da xustificación de subvencións en investimentos propios de obras, que polo seu importe non sexan considerados contratos menores de obras (importe igual ou superior a 40.000,00 € sen IVE), achegarase certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Non obstante, cando os investimentos, polo seu importe, sexan considerados contratos menores de obras (importe inferior a 40.000,00 € sen IVE) , esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación pola beneficiaria, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación "in situ".
Dúas fotografías do investimento realizado.
Documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridos para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.
Anexo IV. Compromiso da beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data ________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 154/201 |

características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
Antes de aprobarse a conta xustificativa, a administración concedente efectuará a comprobación “in situ”, debendo incorporarse acta favorable sobre o mesmo.
Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social
O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.
Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:
a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 155/201 |

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.
Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.
O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras


| | IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Fecha y Hora | 08/01/2025 10:05:41 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V7SKLFQOJUT6LUUNSOVKEEM | Página | 156/201 |

circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.
Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.
De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.
Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 88.9 | Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento |
| FINALIDADE | 5 | Servizos Sociais e Promoción Social |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | subvención e entrega dineraria sen contraprestación |

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.
A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

